Sobre os datos referidos aos investimentos en novas sendas peonís realizados pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda nos concellos de Camariñas, Carnota, Cee, Corcubión, Dumbría, Fisterra, Muxía, Vimianzo e Zas no ano 2016

- 44465 (10/PRE-014386)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Pérez Seco, José Manuel

Sobre os datos referidos aos investimentos en novas sendas peonís realizados pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda nos concellos de Camariñas, Carnota, Cee, Corcubión, Dumbría, Fisterra, Muxía, Vimianzo e Zas no ano 2018

- 44467 (10/PRE-014388)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Pérez Seco, José Manuel

Sobre os datos referidos aos investimentos en novas sendas peonís realizados pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda nos concellos de Boiro, Dodro, Lousame, Mazaricos, Muros, Noia, Outes, Padrón, A Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Rianxo e Ribeira no ano 2015

- 44468 (10/PRE-014389)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Pérez Seco, José Manuel

Sobre os datos referidos aos investimentos en novas sendas peonís realizados pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda nos concellos de Boiro, Dodro, Lousame, Mazaricos, Muros, Noia, Outes, Padrón, A Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Rianxo e Ribeira no ano 2017

- 44472 (10/PRE-014391)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Pérez Seco, José Manuel

Sobre os datos referidos aos investimentos en novas sendas peonís realizados pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda nos concellos de Boiro, Dodro, Lousame, Mazaricos, Muros, Noia, Outes, Padrón, A Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Rianxo e Ribeira no ano 2018

- 44473 (10/PRE-014392)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Pérez Seco, José Manuel

Sobre os datos referidos aos investimentos en novas sendas peonís realizados pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda nos concellos de Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños e Ponteceso no ano 2015



- 44474 (10/PRE-014393)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Pérez Seco, José Manuel

Sobre os datos referidos aos investimentos en novas sendas peonís realizados pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda nos concellos de Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños e Ponteceso no ano 2017

- 44475 (10/PRE-014394)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Pérez Seco, José Manuel

Sobre os datos referidos aos investimentos en novas sendas peonís realizados pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda nos concellos de Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños e Ponteceso no ano 2016

- 44477 (10/PRE-014395)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre o posible peche da escola unitaria de Aios, no concello de Sanxenxo, así como as previsións do Goberno galego referidas ao impulso deste tipo de escolas e ao desenvolvemento dun plan integral de ensino para o medio rural

- 44483 (10/PRE-014396)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Pérez Seco, José Manuel

Sobre os datos referidos aos investimentos en novas sendas peonís realizados pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda nos concellos de Camariñas, Carnota, Cee, Corcubión, Dumbría, Fisterra, Muxía, Vimianzo e Zas no ano 2017

- 44484 (10/PRE-014397)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Pérez Seco, José Manuel

Sobre os datos referidos aos investimentos en novas sendas peonís realizados pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda nos concellos de Boiro, Dodro, Lousame, Mazaricos, Muros, Noia, Outes, Padrón, A Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Rianxo e Ribeira no ano 2016

- 44485 (10/PRE-014398)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Pérez Seco, José Manuel

Sobre os datos referidos aos investimentos en novas sendas peonís realizados pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda nos concellos de Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños e Ponteceso no ano 2018

- 44488 (10/PRE-014399)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María



Sobre a selección de profesionais e de persoas usuarias realizada polo Sergas para as consultas relacionadas coa elaboración dun novo modelo de atención primaria

- 44496 (10/PRE-014400)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María

Sobre as intencións do Goberno galego referidas á concreción do plan galego de saúde mental coa dotación orzamentaria necesaria para abordar as necesidades da cidadanía nesta materia

- 44504 (10/PRE-014401)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as demandas que vai realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central e as actuacións que vai levar a cabo en relación co prezo das peaxes nas autoestradas

- 44510 (10/PRE-014402)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á mellora da seguridade viaria da estrada autonómica PO-510, no lugar de Vacaría, no parroquia de Budiño, no concello do Porriño, así como a realización dalgún estudo ao respecto

- 44516 (10/PRE-014403)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións levadas a cabo e previstas pola Xunta de Galicia para restaurar, conservar e facer accesible á cidadanía a torre de Caldaloba, no concello de Cospeito

- 44553 (10/PRE-014404)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da demanda ao Goberno central de asumir o acordo aprobado no Congreso dos Deputados en relación coa recuperación da materia de Filosofía no ensino secundario obrigatorio e no bacharelato

- 44571 (10/PRE-014405)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre a información publicada na páxina web de Turismo de Galicia en relación coa localización do pazo de Reibó

- 44584 (10/PRE-014406)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego referida á situación do naval na ría de Ferrol e o posible incumprimento da Lei 4/2010, de fomento do sector naval de Galicia, así como a situación socioeconómica da comarca e as actuacións levadas a cabo ao respecto



- 44589 (10/PRE-014407)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 4 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida ás propostas de legalización e de normalización da práctica dos ventres de alugueiro ou xestación subrogada, a elaboración dalgún estudo das consecuencias que tería en Galicia e a valoración da posibilidade de desenvolver algún tipo de regulación na materia, así como a posición que vai defender ao respecto

- 44597 (10/PRE-014408)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas previstas pola Consellería do Mar para mellorar a seguridade nas costas tras o naufraxio do cerqueiro *Sin Querer 2* o día 19 de decembro de 2018, así como os datos referidos ao dispositivo mobilizado por Salvamento Marítimo nese sinistro

- 44600 (10/PRE-014409)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas previstas pola Consellería do Mar para mellorar a seguridade do porto de Malpica

- 44604 (10/PRE-014410)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non dotar dunha ambulancia medicalizada o sur da provincia de Lugo e as súas previsións respecto da dotación dos medios necesarios ao servizo de emerxencias sanitarias 061 desa zona

- 44618 (10/PRE-014411)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para mellorar os índices de lectura en lingua galega e mais a situación do sector editorial en galego

1.4.4.3.1. Preguntas para resposta por escrito reconvertidas en preguntas orais en comisión

Admisión da solicitude, asignación a Comisión e publicación do acordo

- 40628-44368 (10/PRE-012011)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación co estado de conservación no que se atopa o acceso ao castro de Borneiro, no concello de Cabana de Bergantiños, a realización dalgún estudo doutras alternativas con anterioridade á construción con cemento do acceso ou da ponte de madeira flanqueada con bloques dese material sobre o chan, así como as medidas previstas ao respecto BOPG nº 391, do 29.11.2018



A Mesa acorda a súa reconversión, solicitada no doc. núm. 44368, en pregunta con resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.

Preguntas para resposta por escrito retiradas

Admisión da retirada e publicación do acordo

- 38704 (10/PRE-013922)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre o financiamento pola Xunta de Galicia, na actualidade, de programas de investigación, desenvolvemento, innovación e tecnoloxía que faciliten a incorporación das empresas turísticas galegas á sociedade do coñecemento, e, se é o caso, o investimento destinado para ese fin, as actuacións que está a impulsar para dotar o sector turístico dun papel protagonista no establecemento de estratexias e accións, así como o apoio que está a prestar á introdución das novas tecnoloxías da información e da comunicación nas empresas do sector

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 44649.

- 39144 (10/PRE-013929)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da elaboración dun estudo do impacto socioeconómico, así como nos demais sectores, do turismo mariñeiro e dos deportes náuticos e de risco en Galicia, as actuacións que está a levar a cabo para a súa promoción e impulso, así como os datos referidos ás rutas e actividades que está a promocionar neses eidos en cada un dos concellos

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 44649.

- 39152 (10/PRE-013930)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as actuacións e os investimentos previstos polo Goberno galego para potenciar as execucións necesarias nos Camiños de Santiago antes da celebración do Ano Xacobeo 2021

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 44649.

- 39990 (10/PRE-013935)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre o coñecemento e as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en relación coa situación na que se atopa a empresa Noa Madera Creativa, S. L., asentada no polígono de Vilar do Colo, no concello de Fene

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 44649.



- 40708 (10/PRE-013945)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as medidas postas en marcha polo Goberno galego para apoiar o pequeno comercio diante dos novos retos derivados dos cambios nos hábitos de consumo, as que vai adoptar para paliar e reverter o continuo peche de establecementos no sector e as actuacións que está a levar a cabo para apoiar e impulsar o comercio electrónico en Galicia, así como a súa opinión respecto da situación na que se atopan os pequenos comerciantes

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 44649.

- 38703 (10/PRE-014017)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl

Sobre as razóns da redución que presenta a nova industria láctea anunciada polo Goberno galego en setembro de 2016 no concello de Curtis, a data prevista para a súa entrada en funcionamento e o investimento real desa industria nese concello, así como os prazos estimados para as súas futuras ampliacións

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 44651.

- 39737 (10/PRE-014030)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl

Sobre o estado de tramitación dos recursos presentados en relación co anuncio do 13 de abril de 2016, da Xefatura Territorial da Coruña, referido á toma de posesión dos predios de substitución da zona de concentración parcelaria de Val-Meirás-Lago II, nos concellos de Narón e Valdoviño, así como o prazo previsto pola Xunta de Galicia para a entrega de títulos de propiedade definitivos aos propietarios das novas parcelas

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 44651.

- 40275 (10/PRE-014037)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da situación que están a atravesar na actualidade as oficinas agrarias comarcais

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 44651.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2019

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 163 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición de lei orgánica de transferencias complementarias á Galicia en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguranza viaria**, para que sexa elevada á Mesa do Congreso dos Deputados.

A demanda de máis autogoberno é unha evidencia maioritaria na realidade social e institucional galega. Máis autogoberno para acadarmos o benestar e darmos pulo á nosa modernización estrutural.

O artigo 150.2 da vixente Constitución posibilita que o Estado transfira ou delegue nas comunidades autónomas facultades correspondentes a materias de titularidade estatal que sexan, pola súa propia natureza, susceptibles de transferencia ou delegación. O Estatuto de autonomía de Galicia, pola súa banda, prevé esta posibilidade no seu artigo 36.1, outorgándolle ao Parlamento, no seu artigo 36.2, a competencia para formular estas solicitudes e determinar o organismo da Comunidade Autónoma ao que se lle atribúa a competencia transferida ou delegada.

O Estatuto de autonomía de Galicia atribúelles ás institucións galegas a competencia para a creación dunha Policía Autonómica, competencia que foi exercida e desenvolvida coa creación da Policía de Galicia a medio da Lei 8/2007, do 13 de xuño. Xa que logo, Galicia conta xa co instrumento preciso para poder desenvolver con garantía as competencias que se transfiren ao abeiro desta lei orgánica, independentemente de que o despregamento das unidades da Policía de Galicia encargadas da xestión do tráfico e seguranza viaria será un proceso que requirirá da colaboración entre as institucións estatais e autonómicas. En calquera caso, o Parlamento de Galicia expresa a súa vontade de que o devandito proceso principie coa meirande brevidade co fin de se completar no horizonte da actual lexislatura.

A presente transferencia, asemade, vai contribuír directamente á mellor e máis diferenciada atención a unha realidade específica galega, baseada no



espallamento dos núcleos de poboación, nas características singulares da súa rede viaria e mais nas propias condicións orográficas e climáticas.

Artigo 1. *Transferencia de competencias de execución*

Transfírense á Comunidade Autónoma de Galicia as facultades de execución da lexislación do Estado en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguranza viaria, agás as seguintes:

- a) A facultade para expedir, revisar e trocar os permisos e licenzas para manexar vehículos a motor e ciclomotores, así como a súa anulación, intervención e revogación.
- b) A matriculación e expedición dos permisos ou licenzas de circulación, así como a súa anulación, intervención e revogación e, pola súa consecuencia, a autorización de transferencias, duplicados e baixas de vehículos de motor e ciclomotores e mais a expedición de permisos temporais.

Artigo 2. *Traspaso de servizos*

O exercicio das competencias transferidas será asumido pola Comunidade Autónoma cando teña efectividade a transferencia dos medios persoais, materiais e financeiros precisos, formalizado a medio de acordo da Comisión Mixta de Transferencias e do correspondente real decreto de traspaso de servizos.

Artigo 3. *Intercambio de datos*

As administracións do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia facilitaranse reciprocamente o acceso a cadanseus rexistros de datos persoais en materia de tráfico, respectando sempre o previsto na lexislación estatal vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.



Disposición transitoria

A Policía de Galicia exercerá as funcións de vixilancia do tráfico nas vías interurbanas de Galicia consonte o que se dispoña no seo da Comisión Mixta de Transferencias e o que se aprobe no correspondente real decreto de traspasos.

Durante o período de tempo preciso para que a Policía de Galicia complete o despregamento dos seus efectivos e naquelas zonas onde este non se leve a efecto, a Garda Civil continuará a exercer as súas funcións de vixilancia das vías interurbanas baixo a dependencia dos órganos competentes da Administración do Estado, que tamén seguirán a tramitar e resolver os correspondentes expedientes de sanción.

Disposición derogatoria

Derróganse todas as normas e disposicións que se opoñan ao disposto nesta lei orgánica.

Disposición derradeira

Esta lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Boletín Oficial do Estado*.



ANTECEDENTES

- Constitución Española
- Estatuto de autonomía de Galicia
- Lei orgánica 6/1997, do 15 de decembro, de transferencia de competencias executivas en materia de tráfico e circulación de vehículos a motor á Comunidade Autónoma de Cataluña.
- Real decreto 391/1998, do 13 de marzo, sobre traspaso de servizos e funcións da Administración do Estado á Generalitat de Cataluña en materia de tráfico e circulación de vehículos.
- Real decreto 3256/1982, do 15 de outubro, sobre traspaso de servizos do Estado á Comunidade Autónoma do País Vasco en materia de execución da lexislación do Estado sobre tráfico e circulación de vehículos.
- Decreto 4/1983, do 17 de xaneiro, polo que se aproba a publicación do Acordo da Comisión Mixta de Transferencias, en materia de execución da lexislación do Estado sobre tráfico e circulación de vehículos.
- Lei 8/2007, do 13 de xuño, de Policía de Galicia.
- Proposición de lei orgánica, para presentar perante o Congreso dos Deputados, de transferencias complementarias a Galicia en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguridade viaria, aprobada polo Pleno do Parlamento de Galicia o día 8 de abril de 2008.

Pazo do Parlamento, 24 de xaneiro de 2019

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2019 11:59:36
Nº Rexistro: 44486
Data envío: 24/01/2019 11:59:36.765

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 24/01/2019 11:58:47

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Patricia Vilán Lorenzo e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A poboación menor de 18 anos, destinataria da Convención sobre os Dereitos do Neno, cífrase en Galicia en 410.674 nenos e nenas, que representan o 14,5 % da poboación total.

Todos os programas e proxectos de acción que implementen os organismos públicos e que afecten á infancia deben estar baseados na Convención sobre os Dereitos do Neno, recollendo os principios reitores deste tratado internacional, que son: a non discriminación, o interese superior do neno, o dereito á supervivencia e o desenvolvemento, e o dereito á participación.

A Convención sobre os Dereitos do Neno establece, en forma de Tratado internacional, que os Estados Partes deben asegurar que todos os nenos e nenas gozan dos dereitos e liberdades que consagra o Tratado; que teñen acceso á educación e aos servizos de saúde, que poden desenvolver plenamente as súas capacidades físicas, psíquicas, sociais e morais; que crecen nunha contorna de felicidade, protección, benestar e comprensión, que gozan do espaxamento, a cultura, as artes e o deporte e que poden participar dunha forma accesible e activa en todo este proceso.

O 6 decembro de 1990 España ratificou a Convención sobre os Dereitos do Neno, por canto debe observala e facer que se cumpra en todas as súas partes. A Constitución Española no seu Artigo 10.2 afirma que as normas relativas aos dereitos fundamentais e ás liberdades, interpretaranse de conformidade coa Declaración Universal de Dereitos Humanos e os tratados e acordos internacionais. Así mesmo, no seu Artigo 96.1 CE sinala que os tratados internacionais validamente celebrados formarán parte do ordenamento interno.

No ámbito estatal, tras vinte anos dende a aprobación da Lei orgánica 1/1996 de Protección xurídica do Menor, recentemente aprobáronse a Lei 26/2015 de protección á infancia e á adolescencia, e a Lei orgánica 8/2015 de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, co obxectivo de garantir unha protección uniforme aos menores de idade en todo o Estado.



No ámbito da nosa comunidade autónoma, o Estatuto de autonomía de Galicia lexítima a actuación lexislativa no campo da protección da familia, da infancia e da adolescencia nos títulos competenciais xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario (artigo 27, apartados 23º e 24º, dos que o primeiro deles da lugar ás transferencias de funcións nas materias de servizos e asistencia sociais), e das institucións de protección e tutela de menores.

A pesares do cal o ámbito normativo galego relativo á infancia redúcese ao Título II da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia, que se dedica á infancia e á adolescencia, e a ordes específicas. Non existe sen embargo en Galicia, tal e como si que acontece en outras comunidades autónomas, unha lei de protección á infancia, nin órganos e estruturas dedicadas especificamente á análise da situación e a defensa dos dereitos dos nenos, nenas e adolescentes.

Motivo polo cal o informe recentemente publicado por UNICEF “A infancia en Galicia 2018”, destaca entre outras moitas consideracións “a escasa atención, tanto no plano normativo coma documental, que se lle prestou á situación da infancia en Galicia”.

Ademais, no relativo ás estratexias e plans no marco da infancia elaborados pola Xunta de Galicia nestes últimos anos, ou ben acumulan grandes retrasos levando anos en fase de borrador, ou non se dispón dun informe de impacto das mesmas.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Considera o Goberno galego que a nosa comunidade autónoma precisa dunha lei de protección á infancia específica?
2. En caso afirmativo, ten previsto impulsala durante a X lexislatura?
3. Cando ten previsto a Xunta de Galicia poñer en marcha a Estratexia Galega de Infancia e Adolescencia (EGIA 2016-2020)?
4. Cales foron os motivos que levan ao retraso na posta en marcha do Observatorio Galego da Familia e Infancia?
5. Considera a Xunta de Galicia que se está traballando o suficiente na elaboración e difusión de informes da situación da infancia na nosa comunidade autónoma?

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2019



Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 18/01/2019 09:51:05

Patricia Vilán Lorenzo na data 18/01/2019 09:51:11

Julio Torrado Quintela na data 18/01/2019 09:51:17



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta por escrito.

En relación cos convenios asinados, as subvencións e axudas concedidas pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ao Concello de Oza-Cesuras, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Cal é a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ao Concello de Oza-Cesuras no exercicio 2013?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2019





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2019 13:59:49
Nº Rexistro: 44130
Data envío: 18/01/2019 13:59:49.726

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/01/2019 17:26:53

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 15/01/2019 17:27:01

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O acontecido coa dimisión en bloque dos xefes de Servizo de Atención Primaria na área de Vigo, corresponde só á punta do iceberg dun problema de carácter estrutural ocasionado por unha falta de planificación, que unida aos recortes acometidos polo Goberno provocan unha situación insostible cada vez afecta a máis centros de saúde e que non ten trazas de ir a menos.

Fai pouco tiñamos coñecemento da situación que se vive nos centros de saúde de San Roque en Vilagarcía e Monte Vila en O Grove, nos que a xente chega a esperar ata 15 días para poder ter cita.

Unha situación, a que temos que sumarlle o estado no que se atopa o seu hospital máis próximo, O Salnés, un hospital comarcal con plantas pechadas e servizos eliminados que é vítima dunha modificación lexislativa encamiñada a fagocitar as prestacións dos hospitais comarcais.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas:

- Considera o Goberno que se está a presentar unha asistencia sanitaria de calidade cando se chega a esperar ata quince días por unha cita?
- Que pensan facer para corrixir esta situación?

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2019.





Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 21/01/2019 10:27:38



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A procesionaria, *Thaumetopoea pityocampa* (no seu nome científico), é unha eiruga que se atopa en parques, zonas rurais e bosques onde hai piñeiros e cedros. Chámase procesionaria porque cando os lepidópteros rompen o seu bolsón no que aniñan, baixan ou caen ao chan para enterrarse, completar a súa metamorfose e converterse en bolboreta, formando un desfile que se desliza como unha procesión.

As eirugas adoitan andar polo chan os meses de febreiro, marzo e abril (dependendo da zona na que se atopan. Por exemplo, nas máis frías, pode atrasarse), cando as eirugas abandonan os niños nos que medran nas copas das árbores -piñeiros, sobre todo- para se enterrar baixo terra. É nese percorrido cando resultan especialmente perigosas para nenos e para mascotas, xa que o contacto con elas directamente ou cos seus pelos poden provocar reaccións alérxicas, comechón ou coceira, chegando incluso a ser mortais para as mascotas que as inxiran. De feito, nin sequera é necesario que haxa un contacto directo, xa que os pelos poden quedar en suspensión no aire.

O bo tempo provocou, un ano máis, a temperá aparición da procesionaria. A perigosa eiruga estendeuse nas últimas semanas de 2018 e nos primeiros días deste 2019 e existe unha preocupación real por varias zonas de Galicia, como Ares, Cabanas, A Coruña ou Vigo. En varios piñeirais, destes concellos, e o seu redor pódense ver ringleiras de procesionaria.

Por iso os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

- 1ª) Que mecanismos de control se están a levar a cabo pola Consellería do Medio Rural para coñecer a expansión xeografía da eiruga procesionaria?
- 2ª) Cales son os concellos afectados pola praga da eiruga procesionaria?
- 3ª) Ten posto en marcha a Consellería do Medio Rural algún programa e/ou convenio coa universidade e/ou centros de investigación para atopar algún outro



tipo de solución para erradicar a praga da eiruga procesionaria, se for o caso, cales?

4ª) Que medidas está a tomar a Consellería do Medio Rural para frear e erradicar a dita praga?

Pazo do Parlamento, 21 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 21/01/2019 12:03:32

Raúl Fernández Fernández na data 21/01/2019 12:03:42



Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López e María Dolores Toja Suárez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Tras a publicación da Declaración de impacto ambiental no BOE do 27 de setembro de 2017 do proxecto de dragaxe da ría do Burgo por parte do entón Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, como continuación a iniciativas anteriores sobre esta actuación ambiental crítica, presentou unha nova batería de proposicións non de lei e de preguntas instando o Goberno galego a impulsar de forma decidida perante o Goberno central a súa licitación para o inicio dos traballos durante o primeiro semestre de 2018.

Desde o informe emitido en decembro de 2013 pola Comisión de Peticións do Parlamento Europeo sobre o estado das rías galegas, teñen pasado xa cinco anos sen que as actuacións de rexeneración ambiental da ría do Burgo teñan dado comezo.

Nos impactos significativos da alternativa elixida para o proxecto definitivo recóllense os bancos marisqueiros afectados polo proxecto e as previsións da duración total do cese de actividade durante a súa execución, que se estima en 23 meses.

Nas súas distintas respostas ás iniciativas parlamentarias debatidas sobre este proxecto, tanto en pleno como en comisión, o Goberno galego sempre presentou argumentos para tratar de desvencellarse desta necesaria actuación ambiental, ben razóns de natureza competencial, cando estamos nun ámbito de competencias concorrentes, ben considerando necesario chegar a un acordo de financiamento do proxecto.

No proxecto de Presupostos Xerais do Estado para 2019 consígnanse para o bienio 2019-2020 no Ministerio para a Transición Ecolóxica os créditos necesarios para a licitación do proxecto, chegándose na reunión mantida o 15 de xaneiro actual na Coruña entre a Secretaría de Estado de Medio Ambiente, a Xunta de Galicia e os concellos ribeiregos afectados a un punto de acordo sobre o financiamento do proxecto, de xeito que se poda iniciar a licitación sen máis demora. A Xunta de Galicia, a pesar de non ter consignado ningún crédito nos seus orzamentos para 2019, parece ser que acudiría á redistribución de fondos europeos asignados a outros proxectos ambientais máis demorados para reasinalos a esta actuación.

Polo exposto, o deputado e as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Que medidas orzamentarias concretas ten previsto adoptar o Goberno galego para asegurar o financiamento autonómico do proxecto de dragaxe ambiental da ría do Burgo?



Pazo do Parlamento, 21 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 21/01/2019 12:49:12

Patricia Vilán Lorenzo na data 21/01/2019 12:49:23

María Luisa Pierres López na data 21/01/2019 12:49:28

María Dolores Toja Suárez na data 21/01/2019 12:49:38





Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**.

No ano 2009, coa entrada do Partido Popular abandonouse o Plan de Mellora da Atención Primaria, decenas de centros de saúde prometidos ficaron esquecidos. Sen embargo, o Goberno mantivo a promesa de construción sobre algúns de eles.

No caso do Centro de saúde de Ribadavia, o certo é que a día de hoxe o centro de saúde segue sen facerse e as diferentes Administracións bótanse a culpa se atopar ningún tipo de solución.

Esta situación provoca que o centro de saúde actual siga deteriorándose e con elo o dereito á atención sanitaria das veciñas e veciños da zona, que segue sen ter ningunha solución porque o Partido Popular leva rexeitando dende o inicio, todas as emendas e iniciativas presentadas por En Marea, para acadar unha solución as deficiencias sanitarias existentes.

Con todo, tivemos coñecemento de que un grupo de técnicos da Xunta de Galicia realizaron unha visita ao centro de saúde para ver as deficiencias do mesmo.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas:

- Cal foi a finalidade da visita?
- Pensan reparar as deficiencias ou reformar o centro tal e como levamos solicitando?





- De ter pensado reparalas, cando o van a facer?
- Cales foron as deficiencias que atoparon?
- Que membros das diferentes Administracións estaban presentes na visita?

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 21/01/2019 17:39:14





Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta escrita**, relativa as cotas dos colexios concertados.

O luns día 13 de agosto publicouse no Diario Oficial de Galicia a actualización dos concertos cos centros escolares privados da comunidade. O curso comezou con 16 unidades concertadas máis que o ano pasado, sumando un total de 3.929 en todo o territorio. Así, 86.000 rapaces e rapazas acoden hoxe a escolas concertadas galegas. A cifra supón 25% do total. Entre os centros beneficiarios atópase o colexio Las Acacias, de Vigo, un dos catro colexios galegos que segregan ao alumnado por sexo. Isto sucede ao mesmo tempo que a Xunta de Galicia desmantela a educación pública pechando escolas unitarias e negándose a incrementar o número de docentes.

Malia o trato de favor que reciben os centros concertados, estes nin sequera compren coas súas obrigas máis básicas, como a de ofrecer educación gratuíta ás familias que así o requiran. A realidade é que moitos centros aproveítanse do descoñecemento dos pais para facerlles crer que as cotas opcionais son en realidade obrigatorias. Incumpren así o Real Decreto 2377/1985, do 8 de decembro, polo que se aprobou o Regulamento de Noemas Básicas sobre Concertos Educativos, que di, no seu artigo 14.1, que “1. O concerto educativo obriga ao titular do centro privado a impartir gratuitamente as ensinanzas do concerto do acordo cos correspondentes programas e plans de estudo e con suxeición ás normas de ordenación académica en vigor. 2. Pola impartición das ensinanzas de nivel educativo obxecto do concerto non se poderá percibir





concepto algún que, directa ou indirectamente, supoña unha contrapartida económica pola actividade. 3. Polo concerto educativo o titular do centro obrígase ao cumprimento das normas establecidas no título IV da lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, e nos correspondentes regulamento de aplicación da mesma”.

A Confederación Española de Asociacións de pais e nais do alumnado (CEAPA) vén de presentar un informe que subliña o que estamos a dicir: os colexios concertados están a incumprir a lei sistematicamente coa conivencia explícita das administracións autonómicas e do Estado. O informe, que conta con probas documentais e testemuñas, proba que case a totalidade dos colexios concertados investigados cobran cota obrigatoria. En Galicia, cóbrana o 85% dos centros inspeccionados, que supera os 100 euros mensuais nos casos de Estudio (101 €), Alca (117€) e Rosalía de Castro (144€).

Segundo a presidenta da CEAPA, isto demostra que “a administración promove o copago, xa que non está controlando o lucro obtido polos servizos ligados á ensinanza obrigatoria dos colexios concertados, nin se están adoptando medidas de control e rectificación das prácticas irregulares destes colexios, que prexudica ás familias e á coexistencia dos modelos educativos público, concertado e privado independente”.

A situación é inadmisíble e ten que mudar de inmediato. Non pode ser que centros financiados con cartos públicos incumpran a lei e deteriorenen o acceso igualitario á educación, como están a facer moitos centros concertados.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:



- Que avaliación fai a Xunta de Galicia do informe elaborado pola CEAPA?
- Consideradas atinadas as súas conclusións?
- Se é así, por que non fixo nada ata o de agora para garantir que os centros concertados galegos non cobren cotas obrigatorias ás familias?

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 21/01/2019 19:11:27

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 21/01/2019 19:11:34



Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Álvarez, Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A utilización de recursos públicos da Xunta de Galicia para facerlle a campaña electoral á candidata do PP de Vigo acada uns niveis verdadeiramente vergoñentos en termos de calidade democrática.

O día 16 de xaneiro, conselleiros da Xunta de Galicia realizaron dous actos, aparentemente institucionais, en Vigo nos que fixo partícipe á candidata do Partido Popular ás eleccións municipais, a señora Muñoz, nunha confusión constante e interesada entre partido e institución, unha mestura á que o Partido Popular nos ten tristemente habituados.

Resulta inaceptable que o Partido Popular estea a utilizar recursos públicos para a campaña do Partido Popular en Vigo, mentres continúa co seu discurso da austeridade e a súa practica dos recortes nos servizos públicos esenciais, como é o caso da sanidade, un dos conselleiros que participou no acto político-electoral.

Esta realidade demostra a ínfima calidade democrática da Xunta de Galicia e do Partido Popular, mesturando conceptos que deberían estar completamente separados, como son a institución autonómica e o partido.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Quen vai pagar o custe das viaxes a Vigo dos conselleiros para facerlle a campaña ao Partido Popular e a súa candidata?
2. Cal foi o custe destas viaxes?
3. Cal é o protocolo establecido para cursar as autoridades as invitacións a este actos?

Pazo do Parlamento, 21 de xaneiro de 2019



Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 22/01/2019 11:13:32

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 22/01/2019 11:13:39

Patricia Vilán Lorenzo na data 22/01/2019 11:13:47

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/01/2019 11:13:53



Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, María Dolores Toja Suárez, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

No período de tempo transcorrido desde a entrada en vigor do Decreto 182/2004, os centros de información ás mulleres (en diante CIM) reveláronse como instrumentos dunha importancia decisiva no ámbito local na promoción da igualdade de xénero grazas ás actividades que desenvolven e, por outra parte, prestaron unha atención inestimable ás persoas que demandaron o servizo, principalmente nos ámbitos xurídico, psicolóxico e de información de acceso aos recursos dispoñibles. Dentro da atención prestada merece destacar especialmente a das mulleres en situación de vulnerabilidade por diversos motivos e, en concreto, o servizo prestado a mulleres que foron vítimas de violencia de xénero ou que se atopaban en risco de seren potenciais sufridoras desa situación. Deste xeito os CIM convertéronse en ferramentas decisivas na prevención, detección, tratamento e loita en xeral contra esta praga social desde unha relación de proximidade e atención directa.

O decreto 160/2016 configura os CIM como un conxunto de recursos das entidades locais, desde os cales se articula unha intervención global dirixida ás mulleres e que proporcionan asesoramento xurídico, atención psicolóxica, orientación profesional e sociolaboral, así como calquera outra información encamiñada á consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes.

As funcións principais dos CIM son:

- Con carácter prioritario as actividades de prevención, información, asesoramento e loita en xeral contra a violencia de xénero, así como a atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero. Ademais, a atención poderase estender ás fillas e fillos e ás persoas menores ou maiores dependentes delas.
- Tamén será prioritaria a atención a mulleres pertencentes a outros colectivos en situación de vulnerabilidade e/ou risco de exclusión social.
- Servizo de información, atención e asesoramento a lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais e ás súas familias e persoas achegadas.



- Prestar asesoramento profesional e sociolaboral.
- Facilitar calquera outra información encamiñada á consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Desde a propia Secretaría de Igualdade se fala de Rede integral a nivel territorial de CIM como un instrumento de colaboración e compartimento de información entre os CIM, na cal tamén participará o órgano competente en materia de igualdade da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, principalmente cunha función de soporte e coordinación.

A realidade é que a día de hoxe existen 81 CIM en toda Galicia, que atenden a 177 concellos. Que pasa logo cos 136 concellos que non están atendidos? A realidade é que algún ou ben ofertan o mesmo servizos con recursos propios e outros atenden os casos a través dos servizos sociais e derivan os casos que procedan ó CIM máis próximo.

En todo caso, son eminentemente os concellos rurais os que carecen aínda deste servizo, xa sexa propio ou pertencendo a algún centro mancomunado.

Así mesmo se detecta que tan só un 27% dos CIM contan co perfil de axente de igualdade, un perfil que consideramos fundamental para garantir a aplicación da perspectiva de xénero en cada unha das accións que se realizan, pero ademais é totalmente discriminatorio e incoherente que se subvencione ese perfil profesional por debaixo doutros de igual categoría profesional (asesoría xurídica e/ou psicolóxica).

Esta e outras cuestións foron suxeridas nos informes anuais dos CIM de toda Galicia. O 47% deles apuntan cuestións varias que consideran imprescindibles, segundo a súa experiencia, mellorar de cara a ofertar un mellor servizo.

Desde o grupo parlamentario socialista consideramos que a avaliación anual de calquera das medidas implantadas para a loita contra a violencia machista é fundamental para conquistar unha mellor efectividade e eficacia.

E neste caso, e dado a batería de suxestións que parten das propias profesionais dos centros creemos que é de máxima urxencia a posta en marcha de melloras que permitan facer destes centros a verdadeira rede integral que permita o asesoramento, formación e atención das mulleres vítimas así como na promoción da igualdade de xénero.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Entende este goberno que a análise que aportan as profesionais dos CIM nas súas memorias anuais é o mellor modo de revisar e mellorar o funcionamento dunha rede de centros vitais para o traballo de cara á igualdade e atención a vítimas de violencia de xénero en Galicia?
2. Como valora os datos estatísticos e accións formativas realizadas polos centros durante o ano 2017?
3. Ten atendido a Secretaría Xeral de Igualdade ás suxestións e demandas expresadas polas profesionais dos CIM nos informes de avaliación do pasado ano 2017, e que responden ás aportacións que realizaron un 47 % dos centros de toda Galicia?
4. Que tipo de medidas ten adoptado desde a recepción dos informes?
5. De que modo ten pensado potenciar a presenza destes centros no territorio no ano 2019?

Pazo do Parlamento, 22 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 22/01/2019 12:34:03

María Dolores Toja Suárez na data 22/01/2019 12:34:08

Patricia Vilán Lorenzo na data 22/01/2019 12:34:16

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 22/01/2019 12:34:21

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/01/2019 12:34:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o patrimonio románico da Ribeira Sacra, nomeadamente, aqueles bens que fican excluídos da declaración BIC.

O último día do ano 2018 a Xunta de Galiza publicou no DOG a declaración da Ribeira Sacra como Ben de Interese Cultural (BIC) na categoría de paisaxe cultural. Este foi o paso previo necesario para lanzar a candidatura da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade.

O BIC abrangue 180 quilómetros cadrados, 22 concellos, dúas provincias e unha serie de bens individuais que gozan da máxima protección, 58 inmóbeis, 3 móbeis e 9 manifestacións de patrimonio inmaterial.

Durante o proceso de tramitación do expediente BIC, entidades en defensa do patrimonio –especialmente romántico– como O Sorriso de Daniel, presentaron alegacións para que fosen incluídos máis de 50 inmóbeis que non se contemplaban no proxecto.

“A Ribeira é coñecida como Ribeira Sacra porque nas terras que rodean ese tramo dos ríos Miño e Sil se ergueron ducias de eremitorios, mosteiros, igrexas parroquiais que lle deron ese carácter Sacro. Unha concentración de arte medieval que non ten o suficiente recoñecemento na candidatura e que priva á candidatura dunha das





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

súas maiores fortalezas. Unha paisaxe cultural éo se se recoñece nela a pegada da xente sobre o territorio. Sen o que significaron eses centros espirituais pero tamén económicos non se entendería a Ribeira Sacra”, alegaron desde O Sorriso de Daniel, sen éxito pois a Xunta de Galiza non atendeu as súas demandas.

Nas súas alegacións, a entidade relacionou 55 monumentos, a maior parte igrexas mais non só repartidos en diversos concellos: Carballedo , Castro Caldelas , Chantada , Monforte , Nogueira de Ramuín , Pantón , Paradela , Portomarín , Ribas de Sil , O Saviñao , Sober , Taboada , Parada de Sil , A Teixeira e A Pobra de Trives. Elementos patrimoniais que precisan atención e recoñecemento mais tamén actuacións de mantemento, conservación e posta en valor concibindo as distintas expresións do románico como un todo e non de maneira illada ou parcial.

A Xunta de Galiza dixo que atendería as demandas do Sorriso de Daniel “máis adiante” aínda que non as incluíse no expediente BIC. Porén, non aclarou de que maneira.

Recentemente, o Goberno galego vén de anunciar publicamente un Plan de investimentos que dirixirá á Ribeira Sacra.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Como valora a Xunta de Galiza o estado no que se atopa o patrimonio románico no noso país?
- Por que non incluíu, como reclamaba nas súas alegacións O Sorriso de Daniel, a relación de máis de 50 monumentos románicos no BIC Ribeira Sacra?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Canto diñeiro destinará a Xunta de Galiza ao Plan de Investimentos na Ribeira Sacra?
- Que criterios rexerán eses investimentos?
- Que pensa facer o Goberno galego en relación ao patrimonio que ficou excluído da declaración BIC, nomeadamente os devanditos 55 monumentos románicos que non incorporou ao proxecto?

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 22/01/2019 13:35:33

María Montserrat Prado Cores na data 22/01/2019 13:35:38





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 22/01/2019 13:35:40

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/01/2019 13:35:41

Noa Presas Bergantiños na data 22/01/2019 13:35:43

Xosé Luis Bará Torres na data 22/01/2019 13:35:44



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**.

A situación actual da comarca do Salnés respecto á asistencia sanitaria, mostra claramente o problema global da atención sanitaria en Galicia, pero coa especial incidencia nunha zona, na que o seu hospital de referencia é un hospital comarcal, que está a sufrir un deterioro progresivo dos seus servizos, especialmente coa entrada en vigor da modificación da Lei de saúde e polo tanto, a perda de autonomía e capacidade do hospital.

Por outra banda, a porta de entrada do sistema sanitario, a Atención Primaria, atópase nun lamentable estado, con carencias nas súas infraestruturas e con especial falta de persoal para dar cobertura as baixas, vacacións... etc. e manter unha asistencia sanitaria de calidade, xunto cun respecto polos dereitos laborais do persoal.

O sobre esforzo do persoal sanitario é un dos pilares fundamentais que impide o derrube da asistencia, sirva como exemplo, a dobre xornada que tivo que levar a cabo unha médica do Centro de Saúde de Cambados, para que este non quedase cunha soa facultativo, xa que o risco certo e evidente que isto provoca, o vivimos xa nun lamentable episodio neste verán, pese a que a o Goberno siga sen tomar nota. Esa falta de coberturas, ademais de supor un dobre esforzo para o persoal, tamén supón un aumento dos tempos de espera para as persoas usuarias, como fai pouco denunciaban nos centros de saúde de O Grove ou Vilagarcía, con esperas de ata quince días.

A isto, únese tamén a falta xeneralizada de especialistas en pediatría, unha situación que ao igual que a anterior, tamén é produto dos recortes económicos e



da mala planificación. As persoas usuarias de centros de saúde da zona como a Illa ou Ribadumia, nos que falta esta especialidade, teñen que desprazarse a outros centros como Cambados, con conseguinte aumento de ratios neste último.

En relación as infraestruturas, a construción de novos centros de saúde en localidades como O Grove ou Vilagarcía, non parece que exista previsión por parte da Xunta de Galicia para levalos a cabo, polo que a previsión é a de ter que soportar as carencias das que adoecen os antigos centros.

A este panorama tanto na Atención Primaria como na Hospitalaria respecto a comarca do Salnés, debe engadirse a histórica demanda do transporte sanitario, respecto a unha ambulancia medicalizada.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas:

- Considera o Goberno que ante estes feitos, é correcta a asistencia sanitaria na comarca do Salnés?
- Ten previsto o Goberno dotar de máis medios o Hospital Comarcal e proceder á apertura das plantas e servizos pechados?
- Cal é a planificación e solución do Goberno en relación ao problema na cobertura de facultativos na Atención Primaria?
- Ten previsto o Goberno levar a cabo a construción dos centros de saúde de O Grove e Vilagarcía?
- Ten previsto o Goberno dotar dunha ambulancia medicalizada á comarca?

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 22/01/2019 17:27:45



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, Anxeles Cuña Bóveda, Luca Chao Pérez e Luís Villares Naveira, deputadas do **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Recentemente vimos de coñecer a realización de obras no conxunto do mosteiro de San Salvador de Asma, sen constar que exista licenza municipal nin a pertinente autorización da Consellería de Cultura para ditas actuacións.

Tal como se observa en imaxes divulgadas pola Candidatura de Unidade Popular Por Chantada-CUP, téñense realizado actuacións no entorno da adega, cabaleirizas e entradas do mosteiro, tendo movido terra e introducido pedra do exterior con maquinaria pesada.

O mosteiro de San Salvador de Asma, en Chantada, é un centro esencial da vida socioeconómica de Chantada dende mediados do século X. Trátase dunha xoia do noso Patrimonio, que conta con restos de distintas épocas. Consérvanse vestixios románicos e un templo tamén do século XII, con restos prerrománicos, así como partes do s. XV, XVII e XVIII. Asemade, conta cun retábulo renacentista. A igrexa é visitable, pero o conxunto do mosteiro non, estando en mans privadas.

Recentemente, foi declarado BIC, na categoría de monumento, de acordo co Decreto, de 27 de decembro, polo que se declara ben de interese cultural a paisaxe cultural da Ribeira Sacra. Dita consideración de BIC “acadará todas as súas partes integrantes e elementos pertencentes, polo que serán parte do ben declarado BIC as dependencias ou edificacións anexas que teñan relación cos seus valores culturais, en especial as igrexas e capelas, as edificacións





residenciais, as construcións auxiliares de carácter significativo ou funcional e os muros de peche dos predios inmediatos”.

Ademais de ser afectado por estas actuacións en curso, denunciadas con data de 21 de xaneiro de 2019 por Por Chantada-CUP, o ben tense visto degradado no pasado ante a pasividade de todas as Administracións públicas encargadas de velar polo mesmo.

Segundo establece o artigo 39 da Lei de Patrimonio, que regula o réxime de autorizacións das intervencións nos bens de interese cultural, “ as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados... terán que ser autorizadas pola consellaría competente”, autorización que terá “carácter independente de calquera autorización licenza ou trámite previo”.

Asemade, a Consellería de Cultura poderá ordenar “a suspensión de calquera intervención non autorizada nun ben de interese cultural ou catalogado para o cumprimento dos fins previstos nesta lei” (lei de Patrimonio).

Segundo establece o artigo 135 da Lei de Patrimonio, que regula a Reparación de danos:

“1. A resolución que imponha a sanción por infraccións tipificadas nesta lei das que deriven danos para o patrimonio cultural da Galiza comportará a obriga de restitución do ben ao seu debido estado, ou da emenda da alteración producida no seu contorno de protección, sempre que iso sexa posible. Esta obriga é imprescritible.

2. O incumprimento desta obriga de reparación de danos ou restitución das cousas ao seu debido estado facultará a consellaría competente en materia de patrimonio cultural para actuar de forma subsidiaria realizando as obras por si ou a través das persoas físicas ou xurídicas que se determinen e á custa do obrigado ou obrigada, utilizando, se é o caso, a vía de constrinximento para reintegrarse do



seu custo. O importe dos gastos poderá liquidarse de forma provisional e realizarse antes da execución, a reserva da liquidación definitiva.”

Polo exposto, as deputadas e o deputado que subscriben preguntan á Xunta:

1. É coñecedora a Xunta da realización de obras no mosteiro de San Salvador de Asma?
2. Contan estas obras coa pertinente autorización da Consellería de Cultura?
3. Vai a Consellería de Cultura ordenar a suspensión desta intervención nun BIC?
4. Que actuacións vai impulsar a Xunta para restaurar a legalidade e para protexer da degradación o mosteiro de San Salvador de Asma?
5. Vai a Xunta iniciar de oficio algunha actuación das previstas na Lei 2/2016 de Patrimonio Cultural da Galiza, de cara a posibilitar a reparación do dano?
6. Como casa a promoción da Declaración de BIC da Ribeira Sacra coa permisividade da Xunta ante a destrución do mosteiro de San Salvador de Asma?
7. Ten prevista a Xunta algunha actuación para impulsar a adquisición e xestión pública do mosteiro de San Salvador de Asma?

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Anxeles Cuña Bóveda
Luca Chao Pérez
Luís Villares Naveira
Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 22/01/2019 19:24:15

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 22/01/2019 19:24:22

Luca Chao Pérez na data 22/01/2019 19:24:25

Luis Villares Naveira na data 22/01/2019 19:24:32





Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, sobre o investimento en I+d+i.

Na *Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2017*, o Consello Económico e Social de Galicia advirte de que “nun contorno globalizado onde a intensidade e a velocidade de difusión do cambio tecnolóxico está xa condicionado á maneira de producir e consumir, é esencial complementar a preocupación polo nivel de gasto público en I+D+i cunha preocupación pola eficacia dese gasto”. Porén, as políticas da Xunta de Galicia avanza na dirección contraria. No ano 2016, o investimento galego en I+D medrou un 1,5%, o que situou o esforzo investidor, entendido como a relación entre o gasto nestas actividades e o PIB, no 0,86%. Desta maneira, a porcentaxe permanece por debaixo tanto da media estatal como da europea, sendo apenas a metade do obxectivo fixado no Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 para dentro de dous anos. O esforzo investidor palidece se o comparamos co de outras comunidades como Euskadi, que está no 1,89%.

O subida do gasto do 1,5% produciuse polo subida do 7% do investimento en I+D no sector empresarial, que supón un aumento de aproximadamente 15,6 millóns de euros. Isto maquilla (pero dende logo, non xustifica) a perda de case 15 millóns de euros na inversión realizada na ensinanza superior.

Así, o aumento do gasto non é suficiente para sanear a situación do investimento en I+D. No ano 2016 o gasto interno en I+D medrou 3,5 euros por habitante,





chegando ao 185,7, cifra moi inferior aos 285,5 euros por habitante da media estatal. Os datos son aínda máis escandalosos se o que temos en conta son os recursos investidos por investigador en I+D, que diminúen un 5,8%. Isto sitúa o gasto interno por investigador nos 87.140 euros, un investimento exíguo en comparación cos 104.710 da media estatal.

Entre as sinais de alarma do I+D galego, cómpre sinalar tamén o descenso de empresas manufactureiras de alta e media tecnoloxía. No 2016, Galicia contaba con 98 empresas menos deste tipo que o ano anterior. Tal e como apunta o Consello Económico e Social, o “descenso do 5,8% no número de empresas leva emparellado unha caída no gasto en I+D (4 millóns de euros menos que no ano anterior), así como un descenso do 7% do emprego equivalente a tempo completo. A nivel estatal, rexístrase a tendencia contraria, con incrementos tanto no gasto en I+D como no número de persoal nas empresas manufactureiras de alta tecnoloxía”.

Mentres todo isto sucede, a Xunta de Galicia decide botar máis leña ao fogo transferindo fondos de I+D+i das universidades a construción do Edificio Fontán, no Gaias. A primeira inxección de cartos será de 700.000 euros, pero prevese chegar ata os 2,5 millóns. Ao parecer, non hai diñeiro dabondo para investigar, pero sempre hai cartos para os caprichos arquitectónicos dos populares.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Como explica a Xunta de Galicia que o esforzo investidor da nosa comunidade estea por debaixo da media estatal e da media europea, e que sexa practicamente a metade do obxectivo fixado no Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 para dentro de dous anos?





- Cre que a este ritmo vai cumprir con ese obxectivo?
- Como xustifica que, tendo en conta a actual precariedade do investimento en I+D, se transfiran fondos de I+D para a construción do Edificio Fontán?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 23/01/2019 13:21:19

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 23/01/2019 13:21:25



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda e Paula Quinteiro Araújo, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita,** sobre a introdución de educación afectiva e sexual no ensino

No informe de 2018 *Orientacións técnicas internacionais sobre educación en sexualidade. Un enfoque baseado na evidencia*, a Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO) ofrece unha nova definición da educación integral en sexualidade (EIS).

“A educación integral en sexualidade (EIS) é un proceso que se basea nun currículo para ensinar e aprender acerca dos aspectos cognitivos, emocionais, físicos e sociais da sexualidade. O seu obxectivo é preparar aos nenos, nenas e a mocidade con coñecementos, habilidades, actitudes e valores que os empoderarán para: realizar a súa saúde, benestar e dignidade; desenvolver relacións sociais e sexuais respectuosas; considerar como as súas eleccións afectan ao seu propio benestar e ao dos demais; e entender cales son os seus dereitos ao longo da vida e asegurarse de protexelos”.

A educación integral en sexualidade que propón a UNESCO caracterízase por ser cientificamente precisa –isto é, baseada na evidencia–, gradual, adecuada as idades e etapas do desenvolvemento dos rapaces e rapazas, favorable a satisfacción dos dereitos humanos e con base na igualdade de xénero. Por iso,



parécenos un moi bo punto de partida para repensar a escasa educación afectiva e sexual que está a recibir a mocidade galega.

Segundo os profesionais da Sociedade Galega de Sexoloxía, a educación afectivo-sexual tería que comezar aos tres anos e chegar ata a universidade, algo que non está a suceder na nosa comunidade. En Galicia a educación sexual redúcese aos cursos e talleres que imparten a rede de centros Quérote e outras asociacións. Que isto é claramente insuficiente demostrano os datos estatísticos dos que dispoñemos.

- Máis do 80% dos mozos e mozas entre 13 e 18 anos pensa que está ben ou moi ben informado acerca da sexualidade. Porén, un 9% admite non usar métodos anticonceptivos nas súas relacións.
- O 21% das rapazas (ja quinta parte!) reconece ter recorrido á píldora do día despois ou a outro anticonceptivo de urxencia.
- O 3,6% dos adolescentes entre 13 e 18 anos afirman terse quedado embarazadas ou ter provocado un embarazo.

A educación integral en sexualidade, impartida por profesionais ao longo de toda a vida dos estudantes, permitiría reducir estas cifras. Entre as súas vantaxes cóntanse:

- A EIS aumenta o coñecemento dos mozos e mozas e mellora a súa actitude e os seus comportamentos sexuais e reprodutivos.
- Os programas que, como a EIS, están centrados no xénero teñen unha eficacia maior á hora de mellorar os resultados en materia de saúde e na redución dos índices de embarazos non desexados e de enfermidades de transmisión sexual.



- A EIS fomenta a participación das familias e dos docentes, dos institutos pedagóxicos e dos servizos de saúde pensados para a mocidade para garantir os mellores resultados.

Así, hai moi boas razóns para repensar a escasa formación afectiva e sexual que reciben os rapaces e rapazas en Galicia, e para adoptar as indicacións difundidas pola UNESCO.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Que avaliación fai a Xunta de Galicia da educación afectiva e sexual que recibe a mocidade galega? Pensa que é suficiente?
- Que pensa facer a Xunta para mellorar a educación afectiva e sexual da xente nova? Vaise impartir dende os tres anos ata a universidade, como reclama a Sociedade Galega de Sexoloxía?
- Que lle parece o informe da UNESCO de 2018 titulado *Orientacións técnicas internacionais sobre educación en sexualidade. Un enfoque baseado na evidencia*? Pensa adoptar as súas indicacións? En que accións pensa concretalas?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Paula Quinteiro Araújo





Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 23/01/2019 13:41:56

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 23/01/2019 13:42:03

Paula Quinteiro Araújo na data 23/01/2019 13:52:36



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, sobre a externalización de custos da iniciativa de educación dixital E-Dixgal.

Hai xa oito anos que a Xunta de Galicia vén desenvolvendo iniciativas encamiñadas á dixitalización das aulas. Falamos, nun primeiro momento, do proxecto Abalar, complementado logo coa iniciativa dixital E-Dixgal que permite que no curso actual 2018/2019 uns 18.000 estudantes de 5º e 6º de Primaria así como de 1º e 2º da ESO de 267 centros educativos formen parte desta iniciativa.

A implementación do ensino dixital leva consigo, por suposto, un investimento importante en equipamentos para ter aulas dixitais, equipos para o alumnado e profesorado de uso persoal, un entorno virtual de aprendizaxe, variedade de contidos dixitais, programas de formación, ferramentas de intercomunicación e colaboración.

As aulas dixitais son aulas que contan cun encerado dixital interactivo, dun proxector, dun equipo para o profesor, e dun equipo para cada alumno. Ademais as aulas contan con conexión WIFI para que o alumnado e profesorado poda acceder aos contidos dixitais e seguir a actividade educativa na aula desde o seu propio equipo.





No que atinxe ao entorno virtual de aprendizaxe atopámonos cun espazo no que docentes e alumnas e alumnos poden acceder a contidos dixitais para 5º e 6º de primaria e 1º e 2º de ESO dos seguintes provedores: Edebé, Netex, aulaPlaneta e Pearson, os do Repositorio de contidos educativos dixitais (os centros teñen á súa disposición o Repositorio de contidos educativos dixitais do espazo Abalar, con máis de 3.200 recursos educativos dixitais complementarios en sete idiomas), ou os que o profesorado poda crear, seleccionar ou engadir ao entorno. O acceso a este entorno dixital é posible a través de calquera equipo con conexión a internet, a través das claves de acceso que lle serán entregadas ao alumnado no centro ou mediante os propios equipos co sistema offline.

No que se refire ao equipamento persoal do alumnado, a Xunta ten que garantir o acceso a un portátil a cada alumna e alumno participante na modalidade de cesión de uso. Equipos proporcionados polos centros, unha vez que as familias asinen un formulario de cesión de uso do mesmo .

De acordo coa explicación da propia web da Consellería “a utilización do ordenador portátil e das ferramentas e contidos dixitais instalados no mesmo é gratuíta para o alumnado. As familias comprométense a que o alumnado realice un uso axeitado do equipamento, ao coidado dun equipo público, que poderá ser usado noutros cursos por outros alumnos, e a unha utilización vinculada á actividade educativa para a que é cedido”.

Porén, se ata este curso, era a propia consellería a que se encargada de atender os incidentes, coa posta en marcha do servizo Premium de Atención, Soporte e Acompañamento avánzase na externalización do servizo e mesmo resulta que a gratuidade non está sendo tal toda vez que nos centros participantes veñen constatando problemas á hora de precisar soporte técnico derivado de accidentes que teñen lugar co uso normal dos equipos.



Tanto é así que dende o devandito soporte técnico se chegaron a remitir facturas de reparacións ás familias por contías case equivalentes ás de adquisición dos propios equipos.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- 1.^a) Como explica o Goberno da Xunta de Galicia que se estea facturando ás familias?
- 2.^a) É isto o que o Goberno galego entende por un ensino público gratuíto?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 23/01/2019 14:21:25



María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 23/01/2019 14:21:32



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

No Diario Oficial de Galicia do 10 de xaneiro de 2019 a Consellería de Economía, Emprego e Industria publicou a Orde do 17 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2019; cunha dotación orzamentaria de 4.050.541 €, podendo achegar ata o 80% do importe total subvencionable cun máximo de 120.000€ para as solicitudes individuais e de 138.000,00 para as solicitudes conxuntas.

O obxecto desta subvención, segundo se establece na propia exposición de motivos e no artigo 1, é a mellora dos servizos e o acondicionamento de infraestruturas existentes ou de nova incorporación co fin de que as empresas radicadas nos parques empresariais de Galicia poidan dispoñer de condicións máis competitivas para desenvolver a súa actividade económica.

Os criterios de valoración, retallados no artigo 13, son:

“1. Superficie do parque empresarial:

- Ata 500.000 m² (10 puntos).*
- Máis de 500.000 m² (7 puntos).*

2. Nivel de ocupación do parque empresarial:

- Ata 300 empresas (10 puntos).*
- Máis de 300 empresas (7 puntos).*

3. Poboación do concello en que se atopa o parque empresarial:

- Menos de 10.000 habitantes (6 puntos).*
- Entre 10.000 e 20.000 habitantes (4 puntos).*
- Máis de 20.000 habitantes (2 puntos).*

No suposto de que a solicitude de axuda sexa efectuada por unha agrupación de concellos baixo calquera fórmula, agás a de fusión municipal, computarase aquel que obteña máis puntuación individualmente.

4. En cada tipoloxía de investimento valorarase o menor custo subvencionable con relación aos custos subvencionables das solicitudes admitidas para a súa



valoración; a devandita asignación farase de xeito proporcional (máximo 6 puntos).

5. Para cada tipoloxía puntuaranse de xeito proporcional, entre as solicitudes admitidas a valoración, os seguintes parámetros:

Tipoloxía a):

a.1) Incremento da capacidade anual de tratamento de auga respecto da situación actual, como consecuencia das actuacións propostas (en m3) (máximo 10 puntos).

a.2) Incremento do caudal anual que se poderá derivar á depuradora municipal respecto da situación actual, como consecuencia das actuacións propostas (en m3) (máximo 10 puntos).

Tipoloxía b). Incremento do número de toneladas de residuos anuais que se poderán xestionar respecto da situación actual, como consecuencia das actuacións propostas (máximo 10 puntos).

Tipoloxía c). Lonxitude do tramo da vía en metros lineais (máximo 10 puntos). Este punto acreditarase mediante planos cotados que evidencien a lonxitude indicada en metros.

Tipoloxía d). Número de empresas directamente afectadas pola infraestrutura de vixilancia proposta (máximo 5 puntos). Número de denuncias por roubos e/ou vandalismo no polígono no ano 2018 (máximo 5 puntos). Este punto acreditarase mediante informe da policía local, garda civil ou polo concelleiro responsable da seguridade no concello.

Tipoloxía e). Número de establecementos de risco intrínseco medio e alto dentro do parque empresarial, segundo se definen no Real decreto 2267/2004, do 3 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais. Cada establecemento de risco intrínseco alto contará como cinco (5) establecementos de risco medio (máximo 10 puntos).

Tipoloxía f). Número de denuncias por roubo de cable no polígono no ano 2018 (máximo 10 puntos). Este punto acreditarase mediante informe da policía local, garda civil ou polo concelleiro responsable da seguridade no concello.

6. Agrupación de concellos baixo calquera fórmula agás a de fusión municipal (13,5 puntos máximo):

6.1. Por presentación conxunta: 4,5 puntos.

6.2. De acordo cos seguintes parámetros (máximo 4,5 puntos):

6.2.a) Número de municipios solicitantes de forma conxunta:

– Máis de dous municipios: 1,5 puntos.

– Dous municipios: 0,5 puntos.

6.2.b) Repercusión do proxecto a través da cifra de poboación total dos concellos participantes no proxecto:

– Máis de 5.000 habitantes: 1,5 puntos.

– Ata 5.000 habitantes: 0,5 puntos.



6.2.c) Número de servizos que se van prestar de forma compartida:

- Dous ou máis servizos: 1,5 puntos.
- Menos de dous servizos: 0 puntos.

6.3. Aforro de custos respecto da prestación de modo individual: 4,5 puntos.

Para a súa valoración, será preciso a achega dunha memoria xustificativa do aforro de custos obtido.

7. Concello constituído como consecuencia dunha fusión municipal: 13,5 puntos.

8. Concello acollido á iniciativa «Concellos Doing Business Galicia» con anterioridade ao remate do prazo de presentación de solicitudes: 21 puntos.

No caso de agrupación de concellos, asignaranse os 21 puntos se todos os concellos da agrupación están acollidos á iniciativa «Concellos Doing Business Galicia». En caso contrario, asignarase unha puntuación proporcional ao número de concellos da agrupación que estean acollidos á iniciativa «Concellos Doing Business Galicia».

No caso de empates na puntuación, terán preferencia os proxectos presentados segundo a seguinte orde: concellos constituídos como consecuencia dunha fusión municipal, agrupación de concellos baixo calquera fórmula agás a de fusión municipal e concellos de menor número de habitantes.

No caso de empate na puntuación entre proxectos dun mesmo concello, terá preferencia o proxecto de menor custo subvencionable.

Avaliaranse, coa mínima puntuación, aquelas epígrafes que non queden xustificadas adecuadamente coa documentación presentada.”

Á vista destes datos a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre os obxectivos acadados con estas subvencións nesta lexislatura?

2ª) Cales foron os concellos beneficiados por estas subvencións e as contías recibidas nos exercicios 2016, 2017 e 2018?

3ª) Cales son as razóns que xustifican as maiores puntuacións aos concellos resultantes dunha fusión?

4ª) Nos tres últimos exercicios as entidades resultantes dunha fusión de concellos recibiron esta subvención, cal foi a contía achegada en cada un dos exercicios?

5ª) Cales son as razóns que xustifican a maior puntuación as solicitudes conxuntas entre dous ou máis concellos?



6ª) Nos tres últimos exercicios cantos solicitudes conxuntas recibiron subvención, cal foi a contida achegada en cada un dos exercicios?

7ª) Ten elaborado o Goberno galego algún estudo sobre o número de empresas asentadas, así como as vantaxes acadadas naqueles parques empresariais acollidos á iniciativa «*Concellos Doing Business Galicia*»?

Pazo do Parlamento, 22 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/01/2019 16:33:20

Abel Fermín Losada Álvarez na data 23/01/2019 16:33:26





Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**, relativa ás dependencias do centro de saúde de A Illa de Arousa.

Durante moitos anos foron diversas as voces que denunciaron a falta de accesibilidade e o deterioro das dependencias do centro de saúde de A Illa de Arousa, pedindo a edificación de un novo centro. Tanto dende Alternativa Galega de Esquerda primeiro coma dende En Marea despois propuxemos partidas orzamentarias para tal fin, defendendo as necesidades sanitarias das veciñas e veciños.

O Goberno autonómico mantívose sempre en contra de dotar dunhas novas dependencias, optando posteriormente pola reforma do edificio existente.

O proxecto de reforma tiña entre os seus obxectivos a mellora da accesibilidade e as obras previstas tiveron que ser ampliadas ante o deterioro das dependencias.

Sen embargo, a tenor das novas dos últimos días, a obra aínda non rematada está a ser un fracaso.

Recentemente, tivemos constancia da nova que recollía que as padiolas non cabían no novo ascensor e que, polo tanto, os e as doentes tiñan que ser trasladadas a pulso entre varias persoas polas escaleiras. Esta situación terceiro-mundista ten pouco sentido tras ter sufragado unhas obras que ademais pretendían mellorar a accesibilidade.





Por todo o anterior, En Marea presenta as seguintes preguntas:

- Son as dimensións do ascensor recen estreado as previstas no proxecto? Que valoración fan do grave feito de que non se podan introducir padiolas no seu interior?
- Quen se vai responsabilizar desta situación? Vai ser recepcionada esta obra?
- Van tomar algunha medida para resolver esta situación?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 23/01/2019 16:46:27





Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Os recortes levados a cabo en Galicia, afectaron moi negativamente no conxunto da sanidade pública, pero dun xeito especial ao ámbito da Atención Primaria, un problema que está a brotar por toda Galicia e do que Fene non escapa.

A falta de persoal dentro da Atención Primaria, provoca a non cobertura de baixas, vacacións ou permisos, que se traduce nunha masificación das consultas, un aumento dos cupos por enriba das ratios estipuladas e un incremento da lista de espera que pode chegar ata dúas semanas para unha cita médica no centro de saúde.

No caso de Fene, existen eses problemas na substitución de persoal, así como a redución de facultativos no verán e a posible amortización dunha das actuais prazas pola xubilación dun médico este pasado 19 de xaneiro. Actualmente, das 10 prazas de médico de familia que hai en Fene, soamente esta cubertas 8, xa que non se levan a cabo nin a cobertura da xubilación, nin unha baixa de longa duración da quenda de tarde. Un 20% menos de médicos que repercute directamente na calidade asistencial e nas condicións laborais do resto de facultativos.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas:





- Cando ten pensado a Consellería cubrir a xubilación e a baixa de longa duración do Centro de Saúde de Fene?
- Por que aínda non levaron a cabo a cobertura deses postos?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 23/01/2019 17:08:57



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, deputada pertencente ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, sobre a proliferación de vivendas turísticas no país.

De acordo co Estatuto Galego de Autonomía a Comunidade ten a competencia exclusiva na promoción e ordenación do turismo. Nese senso cabe entender a necesidade dunha actuación decisiva do Goberno galego coa finalidade de ordenar e garantir a viabilidade deste sector chave da economía galega. Así como na necesidade de garantir a convivencia axeitada nos nosos pobos e cidades.

Neste senso, un dos problemas que máis preocupan nos últimos tempos é o da proliferación de vivendas turísticas ilegais. A problemática asociada a esta actividade ilegal é numerosa. Dunha banda cómpre falar do diñeiro furtado ás arcas públicas toda vez que se tratan de negocios invisibles. Mais tamén se relaciona coa expulsión da poboación autóctona, a carestía dos prezos de alugueiro, e dos servizos, en definitiva, a substitución do uso residencial de certos lugares por un uso turístico pouco sostible.

Dous anos despois da aprobación do Decreto 12/2017 de 26 de xaneiro, no que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia semella que este foi insuficiente para abordar a problemática da proliferación de pisos turísticos ilegais.

Deste xeito, a prensa recolle noticias como que na cidade da Coruña Airbnb rexistra 80 vivendas máis que das que están inscritas na Xunta. Unha cifra que non fai máis que aumentar.

Pero hai máis, de acordo cos datos oficiais, 2018 foi o ano da explosión en Galicia do fenómeno dos pisos turísticos. Varias localidades comezaron a sufrir



de forma importante os mesmos problemas de saturación e impago de impostos por parte destes negocios que xa afectaban a destinos turísticos tan importantes como Barcelona, Madrid ou Sevilla. E algúns concellos, como Santiago, puxeron en marcha medidas para impedir a proliferación dos apartamentos turísticos ilegais e evitar a súa concentración en determinados barrios.

A realidade é que o seu número segue aumentando a un ritmo moi rápido. Se en febreiro de 2018 a Xunta revelaba que a Axencia de Turismo de Galicia tiña rexistradas de forma legal 4.630 vivendas de uso turístico, menos dun ano despois a cifra oficial é xa de 7.494, un crecemento do 62%. Increméntanse tamén o número de cuartos dispoñibles nestes establecementos (+36%) e o número de prazas totais (+78%), ata un total de 21.270.

A cifra real é seguramente moi superior, se temos en conta que o pasado ano o Concello de Santiago detectara na cidade a existencia de 1.000 pisos turísticos, case catro veces máis que os que naquel momento tiña rexistrados legalmente a Xunta.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas:

- 1.^a) É coñecedora a Xunta de Galicia da diferenza de cifras?
- 2.^a) Que ten previsto facer o Goberno coas vivendas recollidas nestes portais web que non están debidamente regularizadas?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Deputada do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 23/01/2019 17:31:55



Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputado e deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 157 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa á discriminación do idioma galego na CRTVE.

A Sección sindical da CGT na RTVE Galicia vén denunciando a discriminación do idioma galego e o incumprimento da lei en canto ao seu uso nun medio de comunicación público como é a CRTVE.

Ademais de incumprir a lei tamén se incumpre o manual de estilo, <http://manualdeestilo.rtve.es/el-lenguaje/6-5-los-verbos/6-5-8-el-empobrecimiento-del-lenguaje/6-5-8-9-nombres-y-toponimos/> ou documento interno no que se sinala como proceder ante determinadas cuestións. Estes incumprimentos fanse cando, de xeito reiterado, ó recoller totais, declaracións e entrevistas as persoas en Galicia faise por duplicado en galego e castelán, relegando deste xeito o galego para os informativos territoriais e o castelán para os informativos estatais.

No ano 2014 o consello de informativos pronunciouse respecto dunha queixa na que se denunciaba esta práctica no canto de subtitular, e inda que se comunicou á Dirección da CRTVE en Galicia, de forma oral e escrita, a situación dista moito de mellorar.

As profesionais xornalistas caen na autocensura repetindo as declaracións que se fan directamente en castelán.

A CGT denunciou esta situación á Comisión de control de RTVE o mércores 19 de decembro de 2018, a través da representación no Congreso, na que a deputada de EN MAREA preguntou á administradora da CRTVE Rosa Mª Mateo sobre este extremo.





É irresponsable que o director da CRTVE manteña esa actitude co galego debido ao tempo transcorrido, incumprindo a lei e sen respectar o dereito da cidadanía galega a recibir as informacións tal e como se recollen nese idioma, traducíndoas ao castelán e non usando outros formatos como o de por subtítulos, ca fin de fomentar a cultura, o idioma e o pluralismo lingüístico e cultural existente no noso país.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta escrita:

- 1.- Como pensan garantir o uso do galego nos termos sinalados no artigo 3.2. en xeral, e nomeadamente o 3.2.e), g) e l) da Lei 17/2006, de 5 de xuño, da radio e da televisión de titularidade estatal?
- 2.- Van cumprir expresamente o artigo 7.4 de dita lei no que respecta ao idioma galego?
- 3.- De que maneira van garantir e cumprir co dereito e acceso e pluralismo recollido no artigo 28 da mesma lei.

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputado e deputadas do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 23/01/2019 17:08:09

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 23/01/2019 17:08:18

Luca Chao Pérez na data 23/01/2019 17:08:25



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

En relación coas achegas realizadas polo ente público portos de Galicia aos portos galegos as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Cal é a relación exhaustiva dos investimentos realizados, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas por Portos de Galicia a cada un dos portos que dependen do ente público durante o ano 2018?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 23/01/2019 17:43:33

Patricia Otero Rodríguez na data 23/01/2019 17:43:45





Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, sobre a oferta pública de emprego para o ensino.

A oferta pública de emprego anunciada onte pola Consellería de Educación é insuficiente para dar resposta ás necesidades do ensino público. Non vai permitir recuperar as prazas docentes suprimidas coa escusa da crise e é un paso máis na consolidación de recortes. Non podemos falar de recuperación ata que nos devolvan todo o que nos quitaron.

Tampouco vai servir para recuperar a porcentaxe de persoal interino que tiñamos antes da chegada do partido popular ao goberno, que non chegaba ao 5%. Coa oferta actual, esta cifra quedará, aproximadamente, nun 10%. Velaí o modelo de emprego público do Partido Popular, máis precariedade e menos dereitos.

Ademais, o anuncio da OPE é un exemplo máis do desprezo da Consellería cara a negociación colectiva e calquera suxestión por parte dos axentes sociais. Ignorando, especialmente, as demandas do persoal interino. Dende En Marea seguimos reclamando que se atendan as demandas deste colectivo coa fin de artellar un plan de estabilización do profesorado galego que permita dar maior seguridade ás persoas que, durante anos, levan sostendo co seu traballo a educación das nosas fillas e fillos.

Por outra banda, atendendo ás cifras concretas, cabe sinalar que non serán 2064 prazas reais senón soamente 1788 de acceso libre, polo que a oferta, un ano máis, está maquillada.



Por estes motivos o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta escrita:

- 1.^a) Cando pensa chegar o Goberno galego ao 5% de persoal interino?
- 2.^a) Ten feita algunha estimación sobre as prazas que previsiblemente quedarán baleiras?
- 3.^a) Ten pensado a Consellería de Educación sentarse a negociar cos axentes sociais a baremación da fase concurso?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2019.

Asdo.:Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 23/01/2019 18:06:33

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 23/01/2019 18:06:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á demanda de mellorar a seguridade viaria na Barcia en Santiago de Compostela.

A estrada autonómica AC-543, Santiago-Noia, pola que circulan milleiros de vehículos a diario, ten un punto de falta de visibilidade ao saír dunha curva en baixada onde está un paso de peóns que nos horarios de entrada e saída á escola de hostalaría é moi usado tanto polas persoas empregadas como polo alumnado deste centro, ademais da veciñanza da zona que ten este punto como único lugar para cruzar a estrada.

Esta problemática foi denunciada a través dunha reclamación acompañada de máis de 80 sinaturas de persoas afectadas, que rexistraron un escrito no Concello de Santiago co obxecto de lle dar traslado á Xunta, no que reclaman medidas de seguridade viaria na zona como a instalación dun semáforo, lombos ou sinais luminosos de advertencia para reducir a velocidade antes do paso de peóns, así como outras medidas que a Xunta considere co fin de mellorar a seguridade e a mobilidade neste punto da AC-543.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Diante desta demanda veciñal formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Vai atender o Goberno galego as demandas de seguridade viaria na zona da Barcia en Santiago de Compostela?

-Se é así, que medidas ten previsto implementar e cales son os prazos que manexa?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2019

Asdo.: Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 23/01/2019 19:09:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 23/01/2019 19:09:25

Ana Pontón Mondelo na data 23/01/2019 19:09:27

Xose Luis Rivas Cruz na data 23/01/2019 19:09:28

Olalla Rodil Fernández na data 23/01/2019 19:09:30

Noa Presas Bergantiños na data 23/01/2019 19:09:31



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Losada Álvarez e José Manuel Pérez Seco, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

En Galicia hai dúas comarcas mineiras, As Pontes de García Rodríguez e Cerceda e as súas contornas respectivas.

Os fondos mineiros, denominados Miner, foron o resultado dos pactos subscritos polo Goberno de España e as organizacións sindicais máis representativas do sector do carbón para desenvolver dende o ano 1997 o “Plan da minería do carbón e de desenvolvemento alternativo das comarcas mineiras” co fin de impulsar o futuro destas comarcas e concas mineiras mediante un proxecto integral, por unha banda o desenvolvemento económico, de apoio empresarial para a xeración de emprego e, por outra banda, as Infraestruturas para estimular o crecemento económico e a competitividade dunhas zoas que prescindían dun recurso fundamental para o seu propio desenvolvemento económico e social. Estes fondos pactáronse en dúas fases: 1997-2005 e 2006-2012.

Os fondos eran asignados polo Instituto para *la Reestructuración de la Minería del Carbón y Desarrollo Alternativo de las Comarcas Mineiras* (IRMC) e estaban complementados nun 25% pola Xunta de Galicia.

Na Comunidade Autónoma Galega constituíse a Mesa para o Desenvolvemento do Plan do Carbón 1997-2005 e despois 2006-2012, composta pola Dirección xeral de Industria, Enerxía e Minas, os sindicatos Comisións Obreiras (CCOO), Unión Xeral dos Traballadores (UXT), o Concello de Cerceda e o Concello das Pontes, coa competencia, entre outras, de aprobar a distribución destes recursos para o apoio empresarial e para o desenvolvemento das infraestruturas.

O Goberno presidido por Mariano Rajoy, no seu primeiro Consello de Ministros, o 30 de decembro de 2011, tomou a decisión de eliminar os denominados fondos Miner, sen ter en conta as contías que xa estaban consignadas nos orzamentos correspondentes a anualidades anteriores, plasmando nos orzamentos do Estado de 2012 unha drástica redución para bolsas e axudas a empresas, e a desaparición das contías para infraestruturas na comunidade autónoma galega, incluídos os compromisos adquiridos con financiamento plurianual.



A Mesa para o Desenvolvemento do Plan do Carbón 2006-2012 da Comunidade Galega reuniuse por última vez o 29 de febreiro de 2012, na que se acordou, por unanimidade, facer unha priorización das actuacións que xa tiñan proxecto de cara a conveniar co Instituto para la *Restrukturación de la Minería del Carbón y Desarrollo Alternativo de las Comarcas Mineras* (IRMC) para cada concello, coa finalidade de poder executalos segundo se vaia tendo dispoñibilidade orzamentaria, así como elaborar un escrito en apoio á continuidade do actual Plan do carbón coa inclusión de Galicia na negociación dos futuros plans que se pacten. O importe total das obras que quedaron sen financiamento ascende a 71.992.500,00 €, segundo se comproba no “Anexo Estado actuacións de infraestruturas” da acta da reunión da Mesa do 29 de febreiro de 2012, que se transcribe:

No mes de marzo de 2013, os concellos de Cerceda e as Pontes despois de varios intentos infrutuosos para falar co Instituto e varias conversas coa Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas sen obter ningunha información, enviaron unha carta ao propio instituto na que se lle solicitaba información sobre a situación actual de todos e cada uno dos convenios aprobados pola Mesa para o desenvolvemento do Plan do carbón e dos proxectos presentados, habilitar fondos adicionais ao Plan Miner para financiar os proxectos de anualidades anteriores co fin de que se puideran executar, así como información sobre como se ían recuperar e materializar os investimentos en infraestruturas correspondentes ao exercicio 2012, cuxa dotación orzamentaria era de 0 €.

O 28 de outubro de 2013, unha sentenza ditada polo Tribunal Central do Contencioso Administrativo número 4, corroborou que aquela medida do executivo de Raxoi era ilegal e supuxo unha quebra do mandato constitucional e dos principios democráticos, que obviou a solidariedade territorial e a seguridade xurídica, sen respectar a lealdade entre administracións

No BOE do 6 de agosto de 2014, publicouse o Real decreto 675/2014, do 1 de agosto, polo que se establecen as bases reguladoras de axudas para o impulso económico das comarcas mineiras do carbón, mediante desenvolvemento de proxectos de infraestruturas e proxectos de restauración de zonas degradadas a causa da actividade mineira.

Que o dito Real decreto establece na propia exposición de motivos que o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo acordou coas organizacións sindicais e empresariais, un marco de actuación para a minaría do carbón e as comarcas mineiras para o período 2013-2018, no que se ten trasladado a necesidade de incluír, entre outras, medidas destinadas a aliviar as consecuencias sociais e rexionais do peche das minas.



Que este real decreto establece e regula a concesión de axudas orientadas a fomentar o desenvolvemento alternativo das comarcas mineiras do carbón, entre outras, para a execución de proxectos de infraestruturas de carácter anual ou plurianual que serán financiadas con cargo aos créditos orzamentarios do Instituto para a Reestruturación da minería do carbón e o desenvolvemento alternativo das comarcas mineiras (IRMC), no marco da política de desenvolvemento alternativo das zonas mineiras do carbón para o período 2013-2018.

Que o ámbito xeográfico establecido para estas axudas, artigo 4, establece que, con carácter excepcional se poderán contemplar actuacións concretas nos concellos afectados pola minaría do carbón na comunidade autónoma de Galicia e que detalla no Anexo II (A Coruña: A Capela,, As Somozas, Carballo, Carral, Cerceda, Culleredo, Laracha, Mañón, Monfero, Ordes, Ortigueira, San Sadurniño, Tordoia, Pontes de García Rodríguez. Lugo: Muras e Xermade).

Que para a selección das actuacións que se pretendan financiar, creárase unha comisión de cooperación entre o Instituto para a Reestruturación da Minería do Carbón e o Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras (IRMC) e a Comunidade Autónoma, que se reunirán de modo ordinario, unha vez ao ano.

Catro anos despois da entrada en vigor do dito Real decreto 675/2014, e a piques de rematar o seu ámbito de vixencia, o 24 de outubro de 2018, o Goberno de España e os sindicatos Comisións Obreiras (CCOO), Unión Xeral dos Traballadores (UGT), a Unión Sindical Obreira (USO), e a Federación nacional de Empresarios de Minas de Carbón (Carbounion) asinaron o “*Acuerdo Marco para una Transición Justa de la Minería del Carbón y el desarrollo Sostenible de las Comarcas Mineras para el Periodo 2019-2027*”, no que se establece que o 27 de maio de 2015 se desenvolveu unha Comisión de Cooperación coa Xunta de Galicia referida a 10 convenios específicos.

Por iso, a deputada e os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Que xestión ten feito o Goberno galego ante o Goberno do Estado durante estes seis anos para recuperar os case 72 millóns de euros dos fondos Miner eliminados unilateralmente polo Goberno do Sr. Mariano Rajoy?

2ª) O Goberno galego presentou o escrito en apoio á continuidade do actual Plan do Carbón coa inclusión de Galicia na negociación dos futuros plans que se



pacten, tal e como se aprobou por unanimidade na Mesa do Carbón desenvolvida o 29 de febreiro de 2012?

3ª) Cal é o contido da Comisión de Cooperación coa Xunta de Galicia desenvolvida o 27 de maio de 2015 referida a 10 convenios específicos?

4ª) Que xestións ten feito a Xunta de Galicia co Goberno do Estado neste período 2014-2018 para constituír a mesa entre a Comunidade Autónoma galega e os concellos relacionados no anexo II do RD para establecer a selección das actuacións e redactar os convenios de colaboración para cada unha das actuacións elixidas?

3ª) Vai a Xunta de Galicia convocar a Mesa para o Desenvolvemento do Plan do Carbón 2006-2012, co fin de recuperar os fondos anulados unilateralmente polo Goberno central no ano 2011?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/01/2019 18:43:06

Abel Fermín Losada Álvarez na data 23/01/2019 18:43:17

Jóse Manuel Pérez Seco na data 23/01/2019 18:43:25



Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta escrita**.

- 1.^a) Cal foi o número de solicitantes en cada unha das modalidades de bolsas universitarias convocadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no curso 2015/2016?
- 2.^a) Cal foi o número de bolsas concedidas en cada unha das modalidades de axudas a estudos universitarios convocadas no curso 2015/2016?
- 3.^a) A canto ascendeu a contía total concedida en cada modalidade de axudas a estudos universitarias no curso 2015/2016?

Pazo do Parlamento, 24 de xaneiro de 2019

Asdo.: Concepción Burgo López
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 24/01/2019 10:34:05



Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta escrita**.

- 1.^a) Cal foi o número de solicitantes en cada unha das modalidades de bolsas universitarias convocadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no curso 2016/2017?
- 2.^a) Cal foi o número de bolsas concedidas en cada unha das modalidades de axudas a estudos universitarios convocadas no curso 2016/2017?
- 3.^a) A canto ascendeu a contía total concedida en cada modalidade de axudas a estudos universitarias no curso 2016/2017?

Pazo do Parlamento, 24 de xaneiro de 2019

Asdo.: Concepción Burgo López
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 24/01/2019 10:33:38



Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta escrita**.

1.^a) Cal foi o número de solicitantes en cada unha das modalidades de bolsas universitarias convocadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no curso 2017/2018?

2.^a) Cal foi o número de bolsas concedidas en cada unha das modalidades de axudas a estudos universitarios convocadas no curso 2017/2018?

3.^a) A canto ascendeu a contía total concedida en cada modalidade de axudas a estudos universitarias no curso 2017/2018?

Pazo do Parlamento, 24 de xaneiro de 2019

Asdo.: Concepción Burgo López
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 24/01/2019 10:33:55



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e José Manuel Pérez Seco, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

En relación coas achegas realizadas pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda para sendas peonís, a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Cal é a relación exhaustiva dos investimentos realizados en novas sendas peonís pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda, con expresión do motivo e a contía de cada unha deles, nos concellos de Camariñas, Carnota, Cee, Corcubión, Dumbría, Fisterra, Muxía, Vimianzo e Zas no ano 2015?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 24/01/2019 10:36:43

Jóse Manuel Pérez Seco na data 24/01/2019 10:36:58



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e José Manuel Pérez Seco, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

En relación coas achegas realizadas pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda para sendas peonís, a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Cal é a relación exhaustiva dos investimentos realizados en novas sendas peonís pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda con expresión do motivo e a contía de cada unha deles, nos concellos de Camariñas, Carnota, Cee, Corcubión, Dumbría, Fisterra, Muxía, Vimianzo e Zas no ano 2016?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 24/01/2019 10:37:15

Jóse Manuel Pérez Seco na data 24/01/2019 10:37:28



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e José Manuel Pérez Seco, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

En relación coas achegas realizadas pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda para sendas peonís, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Cal é a relación exhaustiva dos investimentos realizados en novas sendas peonís pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda con expresión do motivo e a contía de cada unha deles, nos concellos de Camariñas, Carnota, Cee, Corcubión, Dumbría, Fisterra, Muxía, Vimianzo e Zas no ano 2018?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 24/01/2019 10:38:26

Jóse Manuel Pérez Seco na data 24/01/2019 10:38:40



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e José Manuel Pérez Seco, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

En relación coas achegas realizadas pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda para sendas peonís, a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Cal é a relación exhaustiva dos investimentos realizados en novas sendas peonís pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda, con expresión do motivo e a contía de cada un deles, nos concellos de Boiro, Dodro, Lousame, Mazaricos, Muros, Noia, Outes, Padrón, Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Rianxo e Ribeira no ano 2015?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 24/01/2019 10:39:03

Jóse Manuel Pérez Seco na data 24/01/2019 10:39:18



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e José Manuel Pérez Seco, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

En relación coas achegas realizadas pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda para sendas peonís, a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Cal é a relación exhaustiva dos investimentos realizados en novas sendas peonís pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda, con expresión do motivo e a contía de cada un deles, nos concellos de Boiro, Dodro, Lousame, Mazaricos, Muros, Noia, Outes, Padrón, Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Rianxo e Ribeira no ano 2017?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 24/01/2019 10:40:06

Jóse Manuel Pérez Seco na data 24/01/2019 10:40:29



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e José Manuel Pérez Seco, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

En relación coas achegas realizadas pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda para sendas peonís, a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Cal é a relación exhaustiva dos investimentos realizados en novas sendas peonís pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda, con expresión do motivo e a contía de cada un deles, nos concellos de Boiro, Dodro, Lousame, Mazaricos, Muros, Noia, Outes, Padrón, Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Rianxo e Ribeira no ano 2018?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 24/01/2019 10:41:01

Jóse Manuel Pérez Seco na data 24/01/2019 10:41:15



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e José Manuel Pérez Seco, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

En relación coas achegas realizadas pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda para sendas peonís, a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Cal é a relación exhaustiva dos investimentos realizados en novas sendas peonís pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda, con expresión do motivo e a contía de cada un deles, nos concellos de Cabana, Carballo, Coristanco, Laracha, Laxe, Malpica e Ponteceso no ano 2015?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 24/01/2019 10:41:34

Jóse Manuel Pérez Seco na data 24/01/2019 10:41:49



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e José Manuel Pérez Seco, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

En relación coas achegas realizadas pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda para sendas peonís, a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Cal é a relación exhaustiva dos investimentos realizados en novas sendas peonís pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda, con expresión do motivo e a contía de cada un deles, nos concellos de Cabana, Carballo, Coristanco, Laracha, Laxe, Malpica e Ponteceso no ano 2017?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 24/01/2019 10:42:38

Jóse Manuel Pérez Seco na data 24/01/2019 10:42:52



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e José Manuel Pérez Seco, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

En relación coas achegas realizadas pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda para sendas peonís, a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Cal é a relación exhaustiva dos investimentos realizados en novas sendas peonís pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda, con expresión do motivo e a contía de cada un deles, nos concellos de Cabana, Carballo, Coristanco, Laracha, Laxe, Malpica e Ponteceso no ano 2016?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 24/01/2019 10:42:08

Jóse Manuel Pérez Seco na data 24/01/2019 10:42:21





Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA para a súa resposta escrita**, relativa ao peche da unitaria de Aios en Sanxenxo.

Unha vez máis a espada de Damocles pende sobre a escola de Aios en Sanxenxo que, de non atopar unha alumna ou alumno máis pechará as súas portas no vindeiro curso escolar.

Lamentablemente este xeito de proceder non é unha excepción senón que se insire no proceso de asfixia que vén padecendo o ensino público incluíndo tamén, como non, ás escolas do medio rural. O potencial da escola como espazo de socialización e como dinamizadora das comunidades rurais está sendo ignorado. As medidas que se están a tomar por parte da administración educativa contrádinse manifestamente cunha planificación comprometida coa realidade do mundo rural e cunha liña de ensino de calidade.

Prímase o aforro por diante do ensino. O peche das unitarias é unha consecuencia directa da política de aumento do ratio (alumnos/aula), un exemplo máis da aposta por centros educativos grandes, fríos e alonxados, un máis dos continuados desprezos da Xunta de Galicia ás principais correntes pedagóxicas e, en resumo, unha medida que prexudica a nenos, nenas e familias para obter unha pequena mellora nos orzamentos galegos que, seguramente, irá a parar nas mans dalgunha empresa amiga do PP.





A obriga das Administracións públicas é garantir o dereito de todas as nenas e nenos de Galicia a unha educación cos mesmos estándares de calidade, independentemente do lugar no que vivan, por iso é preciso apostar pola discriminación positiva do ensino no rural, como forma de paliar no posible o desequilibrio territorial.

Pensamos que cómpre mudar radicalmente a lóxica imperante na política educativa abandonando a lóxica economicista para centrarse nunha óptica que poña ao alumnado no centro, pensando nos seus dereitos e entendendo a educación como o investimento máis importante que se pode facer nun país, non como un gasto.

Esta nova visión deberá inserirse nunha planificación global do mundo rural que se encamiñe ao mantemento de servizos de calidade e xeración de oportunidades económicas como única vía de frear o despoboamento das vilas e pobos de Galicia.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Leva a cabo algunha medida de promoción das escolas unitarias o Goberno galego?
2. Vai teimar o Goberno galego no desmantelamento do ensino no rural?
3. Ten pensado o Goberno galego abordar un plan integral de ensino para o rural?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda





Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 24/01/2019 11:02:04

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 24/01/2019 11:02:12



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e José Manuel Pérez Seco, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

En relación coas achegas realizadas pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda para sendas peonís, a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Cal é a relación exhaustiva dos investimentos realizados en novas sendas peonís pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda con expresión do motivo e a contía de cada unha deles, nos concellos de Camariñas, Carnota, Cee, Corcubión, Dumbría, Fisterra, Muxía, Vimianzo e Zas no ano 2017?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 24/01/2019 11:28:47

Jóse Manuel Pérez Seco na data 24/01/2019 11:28:59



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e José Manuel Pérez Seco, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

En relación coas achegas realizadas pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda para sendas peonís, a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Cal é a relación exhaustiva dos investimentos realizados en novas sendas peonís pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda, con expresión do motivo e a contía de cada un deles, nos concellos de Boiro, Dodro, Lousame, Mazaricos, Muros, Noia, Outes, Padrón, Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Rianxo e Ribeira no ano 2016?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 24/01/2019 10:39:34

Jóse Manuel Pérez Seco na data 24/01/2019 10:39:47



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e José Manuel Pérez Seco, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

En relación coas achegas realizadas pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda para sendas peonís, a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Cal é a relación exhaustiva dos investimentos realizados en novas sendas peonís pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda, con expresión do motivo e a contía de cada un deles, nos concellos de Cabana, Carballo, Coristanco, Laracha, Laxe, Malpica e Ponteceso no ano 2018?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 24/01/2019 11:32:17

Jóse Manuel Pérez Seco na data 24/01/2019 11:32:28





Á MESA DO PARLAMENTO

Flora María Miranda Pena, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

O SERGAS, na súa desesperación por definir un “novo modelo” de Atención Primaria ante a situación de colapso e caos que se está a dar neste ámbito asistencial, deseñou unha serie de “consultas” a profesionais e usuarios que o grupo parlamentar de En Marea considera nesgadas, interesadas e pouco representativas da realidade asistencial.

No que respecta aos grupos profesionais, os grupos de traballo non están constituídos por persoas seleccionadas ou propostas por distintas sociedades científicas e non proceden do consenso obtido entre as traballadoras e traballadores do ámbito asistencial. Foron seleccionadas e seleccionados de modo unilateral polo SERGAS. É significativo que nestes grupos non se incluíra a priori aos colectivos profesionais dos PACs, que se atopan inmersos nun período de reivindicación das súas condicións laborais. Tampouco se integrou ao colectivo de médicos e médicas precarias. Nestas circunstancias de nesgo de selección, os propios xefes e xefas dimisionarios de Vigo negáronse e néganse a participar.

Simultaneamente a esta circunstancia, o SERGAS implementou unha enquisa sobre o funcionamento da atención primaria a pacientes que se pode realizar telematicamente (primeiro nesgo de selección).





A formulación das preguntas é propia de cuestionarios de revistas pouco serias nas que a resposta se induce intencionalmente. O obxectivo desta enquisa parece máis encamiñado a obter un titular en prensa: dificilmente o SERGAS pode coñecer a opinión das persoas usuarias coa resposta tan limitada a un cuestionario de dez preguntas.

A escala de avaliación da enquisa é tipo líkert máis só ten 3 ítems (moi dacordo , dacordo ou moi en desacordo). Non se contempla a posibilidade de responder, por exemplo, “algo en desacordo”) : Os estudos de investigación serios que pretendan extraer algunha conclusión válida deberían, como mínimo, incluír 4 items, sendo desexable 5, cunha opción intermedia; ou, se queremos máis precisión, 7, incluíndo respostas cunha maior posibilidade de gradación.

Cando as preguntas son do tipo “Está de acordo con poder acudir sen cita ao centro de saúde?”, apréciase claramente cara onde está nesgada, carecendo de validez científica. En caso de “desacordo”, a enquisa tampouco permite argumentar cada resposta.

As respostas serán as agardadas a modo de profecía autocumprida, de modo que o SERGAS rematará, con este pouco rigor metodolóxico, inducendo a opinión das persoas usuarias. Disto derivarase outro problema: esas conclusións poderán ser usadas de modo perverso como contrapeso das reformas impulsadas polos propios colectivos profesionais.

De modo adicional a orientación das preguntas ten una clara intencionalidade focalizando o problema nos e nas profesionais sanitarias (neste caso as médicas e médicos, porque de enfermería só hai una pregunta); teñen que estar dispoñibles para consultar sen cita, ir a domicilio, mellorar a relación cas compañeiras do hospital. U-las preguntas sobre a administración, os medios, os tempos por consulta....?





En Marea maniféstase absolutamente a favor de escoitar, considerar e aplicar con escrupuloso respecto o que as persoas usuarias do sistema sanitario público opinan sobre o servizo prestado e a atención recibida, e avoga por escoitar de modo proactivo as súas suxestións de mellora. Por iso condena os intentos burdos de nesgar esta valiosa información.

Se en verdade o Sergas, a Consellería de Sanidade, tivese interese en mellorar o modelo desde a perspectiva dos e das usuarias, o modo tería que ser outro moito máis válido: cada consulta dos centros de saúde ou dos hospitais do país podería entregar ao usuario/a dese día unha enquisa anónima que podería ser cuberta nas esperas e introducida na caixa de correo correspondente. Enquisa a ser redactada por persoal especializado e contando coas aportacións dos implicados/as, doentes, profesionais e colectivos de doentes e profesionais.

Lembramos ademais o pouco respecto que se manifesta no SERGAS co impulso e recoñecemento das vías de participación cidadá establecidas nas diversas normativas, como os Consellos de Saúde de Área.

Por este motivo, o Grupo Parlamentar de En Marea formula a seguinte pregunta:

-Interésalle realmente ao SERGAS e á Consellería de Sanidade coñecer a opinión real de profesionais e persoas usuarias con fiabilidade metodolóxica ou pretende artellar grupos de traballo e enquisas que referenden un *modus operandi* que trouxo ata esta situación de colapso a atención primaria deste país?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Flora María Miranda Pena

Deputada do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 24/01/2019 12:03:15



Á MESA DO PARLAMENTO

Flora Miranda Pena, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta **escrita**.

O Partido Popular, desde a súa recuperación da xestión na Xunta de Galicia, ten amosado un desleixo absoluto polo coidado da planificación e dotación de recursos para a atención en materia de saúde mental dos galegos e galegas. Paralizou o Plan Estratéxico de Saúde mental e estableceu o control das xefaturas dos servizos de psiquiatría con persoas aíns.

Isto contribuíu ao debilitamento asistencial en saúde mental, empeorando os indicadores de saúde, o malestar percibido, o aumento de suicidios e a carga sobre as familias. A saúde mental foi unha diana intencionada da política de recortes, incrementando a vulnerabilidade das persoas enfermas e das súas familias.

O Movemento galego de saúde mental desenvolveu unha ampla e consistente campaña visibilizando un repunte nos casos de suicidios e a carencia de Plan de Prevención (así como dun Plan en Saúde Mental) despois de anos de merma de recursos que abocaron á saúde mental galega a unha situación insostible.

Tras esta importante mobilización social, no Pleno do Parlamento de Galicia do 21 de febreiro de 2017, o Conselleiro de Sanidade anunciou que ámbolos dous plans ían estar elaborados nuns meses, establecendo para o Plan de Saúde Mental un tempo de execución para o período 2017-2020.

Nestes case dous anos as promesas non se concretaron e a situación asistencial continuou degradándose: publicouse o plan sobre o suicidio pero non se executou, continuou o deterioro asistencial, permitiuse o ingreso de pacientes con





procesos agudos en centros sociosanitarios, mantívose a contención mecánica (o cal sustentou unha nova protesta do MGSM ata o compromiso recente do peche do cuarto de contención no CHUAC), exerceuse violencia institucional no tratamento psiquiátrico, e limitouse por carencia de recursos o acceso ao tratamento psicoterapéutico en moitos casos indicados, fomentando o sobreatamento farmacolóxico ante malestares diversos e derivados do contexto socioeconómico.

Faise necesario o desenvolvemento do Plan Galego de Saúde Mental, que deberá contemplar a presenza de persoas afectadas na súa redacción, así como profesionais exclusivamente do sistema sanitario público, debe utilizar como referente o modelo comunitario, os dereitos das persoas enfermas e o enfoque de xénero. Debe entender a Atención primaria como o eslabón asistencial de referencia, tamén para a poboación con necesidades en materia de saúde mental, o equipo de saúde mental debe ser interdisciplinar, e debe contemplar a previsión orzamentaria suficiente e necesaria para as necesidades de dotación tanto material como de recursos humanos.

O Conselleiro de Sanidade ten utilizado manobras publicitarias para o anuncio da planificación en materia de saúde mental aproveitando contextos oportunistas como o Día Mundial da Saúde mental, pero non se concretan as melloras anunciadas.

Polo exposto, a deputada que subscribe, formula a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

Ten intención o Goberno galego de concretar o Plan Galego de Saúde Mental, con dotación orzamentaria suficiente, que contemple as necesidades profesionais e materiais para abordar as necesidades en materia de saúde mental das galegas e galegos?





Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Flora Miranda Pena

Deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 24/01/2019 11:20:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

O elevado prezo das peaxes da autoestrada AP-9 entre Ferrol-Coruña e Tui constitúe un grave atranco para o desenvolvemento económico e social de Galiza xa que dificulta a conectividade, a mobilidade e a competitividade, e ten graves prexuízos tanto para as persoas como para as empresas, especialmente para as do sector do transporte. O feito de que sexa máis caro viaxar desde Coruña a Vigo que desde Coruña a Madrid é un dato elocuente que pon en evidencia a discriminación e agravio que supón a actual situación da autoestrada.

As decisións políticas adoptadas pola Xunta de Galiza e polo goberno central nas últimas décadas redundaron en beneficios millonarios para a concesionaria, en abusos para as persoas usuarias e en estafa para o conxunto de Galiza. O acontecido coas obras de ampliación da capacidade da ponte de Rande, con continuos atascos e retencións, foi o punto culminante dun auténtico atraco e deu lugar a unha onda de indignación que tivo como resultado unha demanda colectiva da fiscalía de Pontevedra contra a concesionaria.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O abusivo incremento das peaxes na AP 9 ao longo de 2018 e no comezo de 2019 aínda veu a agravar máis a situación. E está a ter como consecuencia o incremento do tráfico en estradas convencionais paralelas á autoestrada, sobre todo vehículos pesados que seguen outros itinerarios para evitar o pagamento de peaxes abusivas. Unha situación que está a ter graves consecuencias para a seguridade viaria e para a calidade de vida das persoas que viven na contorna destas estradas.

Recentemente o Goberno central aplicou rebaixas do 30% e gratuidade nocturna nas autoestradas arruinadas e rescatadas polo Estado, entre elas as radiais madrileñas. O BNG considera de xustiza que cando menos se adopten medidas similares no caso das autoestradas galegas de titularidade estatal, como un paso no camiño cara á supresión das abusivas peaxes.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Ten previsto a Xunta de Galiza demandar do Goberno do Estado o establecemento de rebaixas do 30% no prezo das peaxes nas autoestradas de titularidade estatal, así como a gratuidade en horario nocturno?

-Ten previsto o Goberno galego o establecemento dunha medida similar nas autoestradas de titularidade galega?

-Pensa o Goberno galego defender medidas para a restrición do tráfico pesado nas estradas convencionais e a obriga de circular por autoestradas, co establecemento de axudas ou medidas compensatorias?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que posición defende o Goberno galego a respecto do establecemento de bonificacións nas autoestradas?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz
Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 24/01/2019 12:51:49

María Montserrat Prado Cores na data 24/01/2019 12:51:54

Ana Pontón Mondelo na data 24/01/2019 12:51:56

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/01/2019 12:51:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 24/01/2019 12:51:59

Noa Presas Bergantiños na data 24/01/2019 12:52:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

A veciñanza do lugar da Vaquería, na parroquia porriñesa de Budiño, leva tempo demandando melloras na autoestrada autonómica PO 510, sobre todo a raíz dos cambios impostos pola Xunta de Galiza en 2015, cando se pintou unha liña continua entre os PK 2.200 e 2.600, dificultando as manobras e a mobilidade nesta zona. Cómpre ter en conta que como consecuencia destes cambios, non se pode cruzar a pé dun lado a outro da calzada e os peóns teñen que andar longas distancias para cruzar a unha vivenda, un negocio ou unha propiedade que está no lado contrario. O mesmo ocorre no caso dos vehículos, que teñen que dar grandes rodeos para pasar dun lado a outro.

Para corrixir esta medida que causa moitos prexuízos tanta para a mobilidade motorizada como para a peonil, a representación veciñal presentou numerosas solicitudes á xefatura do servizo de infraestruturas da Xunta de Galiza, sen que por parte desta administración se procurase unha solución a estas demandas. As peticións veciñais poden resumirse na demanda dunha illa central que facilite o xiro á esquerda e na construción de pasos peonís, como medidas razoábeis para mellorar a mobilidade e a seguridade viaria.

Aínda que o pasado mes de abril de 2018 a Consellaría de Infraestruturas e mobilidade anunciou a intención de estudar melloras na zona, nada se sabe ao respecto.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ante as evasivas e a demora dunha solución a estas demandas, a veciñanza comezou a mobilizarse o pasado mes de novembro, mediante concentracións semanais e cortes de tráfico.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Ten previsto a Xunta de Galiza atender as demandas da veciñanza da Vaquería para mellorar a mobilidade e a seguranza viaria na estrada autonómica PO 510, entre os puntos quilométricos 2.200 e 2.600?

-Realizou o departamento de Infraestruturas algún estudo ao respecto, para avaliar as solución técnicas máis acaídas para atender as demandas veciñais?

-En que prazo prevé a consellaría resolver esta situación?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 24/01/2019 13:03:08

María Montserrat Prado Cores na data 24/01/2019 13:03:14

Ana Pontón Mondelo na data 24/01/2019 13:03:15

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/01/2019 13:03:17

Olalla Rodil Fernández na data 24/01/2019 13:03:18

Noa Presas Bergantiños na data 24/01/2019 13:03:20





Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, en relación coa recuperación da Torre de Caldaloba.

A Torre de Caldaloba resistiu cruentas batallas, pero é posible que non poida soportar o desleixo da Xunta de Galicia, que non mostra o máis mínimo interese pola súa conservación e pola difusión da súa historia.

A Torre, cuxa relevancia reflíctese no propio escudo do Concello de Cospeito, onde está situada, protagonizou un dos últimos enfrontamentos da guerra Irmandiña (1467-1469). Trala mesma, foi reconstruída polo xenro de Pardo de Cela, Fernán Ares de Saavedra. A construción permitiu aos herdeiros do mariscal de Galicia soportar numerosos ataques, pero no ano 1485 caeu en mans dos seus inimigos, polo que foi vendida e desmantelada.

A torre é una construción de 25 metros de altura, planta cadrada, con 10 metros de lado e muros de máis de 2,5 metros de espesor. Orixinalmente contaba con catro andares, incluída a planta baixa, e remataba nunha bóveda de canón. Foi construída nalgún momento comprendido entre os séculos XIII e XIV nun outeiro de máis de 450 metros de altitude, o Coto do Mato, onde se aproveitaron os fosos dun castro da Idade de Ferro.

Na actualidade, a fortaleza –Monumento Nacional por decreto de 1949 e Ben de Interese Cultural dende 1994– está en mans privadas. O seu estado de conservación e acceso son lamentables. No ano 1998 foi obxecto dunha reparación que permitiu asentar un pouco a estrutura, pero que non foi suficiente



para frear o seu deterioro. Do camiño que leva ata ela basta dicir que é practicamente intransitable por culpa das silveiras, dos toxos, das ortigas e da densa maleza que cubre o espazo. Así, non é de estrañar que o baluarte leve tempo inscrito na lista vermella do Patrimonio Galego, que alerta dos bens patrimoniais en mal estado e risco de desaparición.

O ano pasado, tanto a propiedade da fortaleza como o Concello acordaron levar a cabo traballos de reparación e mantemento, pero atopáronse con numerosas trabas, entre elas, de financiamento. O alcalde de Cospeito intentou que a administración galega colaborase nas tarefas de recuperación da Torre, pero non tivo ningún éxito.

Non é a primeira vez que se fala da Torre de Caldaloba no Parlamento. Tódolos anos discútese a súa precaria situación e tódolos anos a Xunta de Galicia de Núñez Feijóo prefire lavar as mans a buscarlle unha solución ao seu mantemento. Confiamos en que isto mesmo que estamos a dicir non o teñamos que repetir o próximo curso.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Que fixo a Xunta de Galicia ao longo dos anos para manter e restaurar a Torre de Caldaloba, así como para difundir a súa importante historia?
- Parécelle suficiente?
- Pensa que a principal administración autonómica pode quedar de brazos cruzados contemplando o derrube final dun ben patrimonial da importancia da fortaleza?





- Que vai facer no futuro para recuperala e facela accesible á cidadanía?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 24/01/2019 13:32:56

Luca Chao Pérez na data 24/01/2019 13:33:03



Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

O mércores 17 de outubro o Congreso aprobou unha Proposición non de Lei do grupo Unidos-Podemos que solicitaba a incorporación da materia de filosofía na ESO e nos dous cursos de Bacharelato. A iniciativa foi emendada e apoiada por tódolos partidos políticos, incluídos o Partido Socialista e o Partido Popular, artífice da LOMCE, que no seu día expulsou á Filosofía dos institutos.

A PNL “manifesta a vontade” de “deseñar un currículo común para todo o sistema educativo non universitario, que ao mesmo tempo sexa estable e flexible nos contidos”; “incluír (...) un ciclo formativo en Filosofía secuenciado durante os últimos tres cursos da Secundaria, de forma análoga ao que sucede noutras materias como Lingua, Matemáticas e Historia”; “o novo currículo de 4º da ESO incorporará a materia de Ética como materia común e obrigatoria”; e “reorganizarse o currículo de Bacharelato para establecer Filosofía e Historia da Filosofía como materias comúns e obrigatorias de 1º e 2º Bacharelato”.

O día seguinte, o Ministerio de Educación e Formación Profesional manifestouse dicindo que a “Ministra de Educación e Formación Profesional, Isable Celaá, decidiu incorporar a materia de Historia da Filosofía, que actualmente se imparte como materia en 2º de Bacharelato, como obrigatoria nesta etapa educativa”. “En definitiva, a partir da entrada en vigor da reforma que prepara o equipo de Isabel Celaá, os estudantes cursarán de forma obrigatoria as materias de Filosofía e





Historia da Filosofía en Bacharelato. Así mesmo, estudarán tamén de forma obrigatoria contidos de ética no curso da Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) máis conveniente”.

Non obstante, segundo se desprende da actual redacción do anteproxecto para a reforma da LOMCE que elaborou recentemente o Ministerio de Educación, o Goberno decidiu, de maneira unilateral, incumprir o seu compromiso de recuperar a materia de Filosofía nos termos que foran acordados. Así foi denunciado pola Rede Española de Filosofía (REF).

Se a proposta socialista saíse adiante, o alumnado podería rematar a ESO sen recibir unha soa materia de Filosofía, xa que o Goberno pretende eliminar tamén a optativa de Filosofía de 4º da ESO. A materia só se impartiría obrigatoriamente no 1º e no 2º curso de Bacharelato. Deste xeito, coa nova reforma, a Filosofía estaría nunha situación aínda máis precaria que coa LOMCE.

O Goberno pretendeu escusar a súa decisión facendo pasar a materia de Educación en Valores Cívicos e Éticos por unha materia de Ética, cando non o é, xa que, como foi argumentando dende a REF, “a materia de valores cívicos explica o que (hai que respectar tales valores), pero non entra no como (a análise e a interpretación crítica de estes valores)”. O feito de que se propoña que a materia de Educación en Valores Cívicos sexa impartida a medias con profesores de Historia é xa, en si mesmo, un síntoma claro de que o seu carácter non é estritamente filosófico.

Así as cousas, o Goberno socialista debería rectificar inmediatamente a súa decisión de esquinar aínda máis á Filosofía e cumprir co compromiso rubricado co conxunto das forzas políticas do Congreso.



Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

- Vai solicitar a Xunta de Galicia ao Goberno do Estado que asuma as esixencias especificadas na iniciativa aprobada polo conxunto dos grupos políticos do Congreso para recuperar a materia de Filosofía tanto na ESO como no Bacharelato?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 24/01/2019 14:13:20

Luca Chao Pérez na data 24/01/2019 14:13:27



Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, en relación co Pazo de Reibó.

A historia do pazo de Reibó parece sacada dun conto fantástico, pero é real. O pazo foi trasladado dende Negreira ata Abegondo, 75 quilómetros, pedra a pedra. Agora véndese en diversos portais inmobiliarios por 750.000 euros. Tamén está dispoñible para ser alugado por negocios de hostalería e semellantes.

O pazo orixinal data de 1450. A súa nova superficie é de 13.000 metros cadrados e aínda está pendente de rematar, xa que non está debidamente acondicionado por dentro.

O pazo estaba nun estado deplorable dende polo menos o ano 1985, tal é como describe un artigo da Voz de Galicia da época. No ano 1995, foi desmontado e levado a outra localidade. Os concellos de orixe e destino mostráronse indiferentes ante o traslado en todo momento. O concello de Abegondo manifestou que nunca recibira ningunha denuncia sobre a edificación, mentres que Negreira se limitou a subliñar o obvio: que o pazo de Reibó desaparecera fai tempo.

Segundo a Asociación en Defensa do Patrimonio Galego, a reconstrución do pazo no novo emprazamento non pode considerarse, de ningún xeito, unha restauración, xa que as pedras non ocupan o lugar que lles correspondía e a súa estrutura mudou con respecto á orixinal.





Trala denuncia dun seguidor da Asociación para a Defensa do Patrimonio Cultural de Galicia, a Consellería de Cultura da Xunta decidiu abrir un expediente para coñecer se o Pazo de Abegondo era, efectivamente, o pazo de Reibó. Non foi sen tempo, xa que fan case 25 anos da desaparición do pazo.

Así, a historia da desaparición e posterior reconstrución do pazo de Reibó demostra o desinterese da Xunta de Galicia polo coidado dos nosos bens patrimoniais. Un pazo do século XV pode desvanecerse no ar e aparecer a 75 quilómetros de distancia e ninguén no Goberno se sorprende o máis mínimo.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Por que a páxina web de Turismo de Galicia situou todo este tempo o pazo de Reibó na parroquia de San Martiño de Liñaio se desaparecera de Negreira fai máis de 20 anos?
- A Xunta de Galicia non estaba ao tanto da desaparición do pazo?
- Como é posible que un pazo do século XV desapareza e o Goberno non sexa consciente de que iso acontece?
- Por que non tomou ningunha medida ao respecto en 23 anos?





- Emitiuse algunha autorización administrativa conforme ao artigo 65 da Lei de Patrimonio Cultural de Galicia que permitise intervir sobre o pazo de Reibó?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 24/01/2019 15:22:00

Luca Chao Pérez na data 24/01/2019 15:22:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Olalla Rodil Fernández, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás necesidades de impulso do naval da ría de Ferrol.

É unha opinión compartida por amplos sectores do ámbito socio-laboral, institucional e político da comarca de Ferrolterra a necesidade da demanda do acceso real a todo tipo de construción naval na Ría de Ferrol: buques civís, bens de equipo, reparacións, aeroxeradores, etc.....; na conciencia de que o nicho da construción naval militar supón un veto ás posibilidades que ofrecen os dous centros existentes na ría de Ferrol; na idea do que sería un Complexo Integral; segundo recollía o informe do Consello Económico Social de Galiza no seu informe sobre a situación socio-económica da comarca elaborado Decembro de 2016.

Pola contra, o deseño dos plans de Navantia – concretados agora dun xeito rotundo no chamado “Plan Estratéxico”- confirman a idea de que a empresa quedará vinculada exclusivamente ao sector militar. De feito, coa marcha do flotel en maio deste ano e o escandaloso fraude do contrato coa petroleira mexicana Pemex, os estaleiros da comarca ficaron na práctica fóra do sector civil. Por iso, resultaría esperpéntico que, após os incumprimentos coa comarca, da inacción na procura do acceso real a todo tipo de produción naval; fiquemos agora coa dicotomía de aceptarmos só o militar -agora concretado no proxecto das F110- ou desaparecer.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nun dos últimos Consello de Ministros aprobouse a proposta de gasto para a construción de 5 fragatas F110 nos estaleiros de Navantia Ferrol, que poden repercutir positivamente nunha carga de traballo que sempre demandamos. Cómpre denunciar o retraso, o xogo noxento que o bipartidismo español continúa a facer co naval na comarca referida (lembramos a recente polémica polos provocados atrasos por parte do goberno do PP para facilitar a provisión de equipamentos dun ex-ministro); e os efectos que isto tivo e ten aínda na situación de desemprego e a deriva económica e demográfica que vivimos na comarca.

Cómpre dicir tamén que o proxecto do que estamos a falar aborda só unha parte da capacidade real do que representan as potencialidades dos estaleiros de Fene e Ferrol; ás que sería irresponsábel renunciarmos. Mais iso, non pode nin debe levarnos a non recoñecer un novo escenario, no que a Xunta de Galiza debe abandonar a política de mirar para outro lado - limitándose a facer de cómplice seguidista cando no Estado está o goberno amigo, e de “reivindicativa oposición” cando está o PSOE- mais nunca actuando coma un Goberno, con iniciativas claras que aposten polo naval como sector estratéxico.

Alén diso, o obrigado éxodo de profesionais do sector, provocado por máis de tres décadas de vetos e permanente reestruturación no sector naval da Ría de Ferrol, deixou un panorama no que a falta de persoal cualificado convértese nun problema real; no que poderíamos atoparnos co paradoxo de non haber profesionais para afrontar a carga de traballo que se aveciña. Neste aspecto, o capítulo da formación en estreita colaboración coa Universidade e o ámbito da FP- resulta un capítulo urxente e prioritario a abordar, nomeadamente para a industria auxiliar que se vai incorporar a este proceso.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Como valora o goberno galego a situación do naval na ría de Ferrol?

-Como avalía o goberno galego o seu incumprimento da lei galega do naval?

-Seguirá a Xunta de Galiza incumprindo a lei do naval e desatendéndose de solicitar participación dos organismos de Navantia?

-Considera o goberno galego levantado o veto á construción civil?

-Ten avaliado a Xunta de Galiza retomar a proposta do Centro Tecnolóxico para a modernización da industria naval, situado en Ferrol; coa perspectiva de recuperación tamén dos diversos campos do naval, aproveitando as sinerxías nun Complexo Integral da Construción Naval na Ría?

-Considera o goberno galego garantidas as necesidades de formación do sector? A través de que medios? Pensa potenciar outros novos? Como vai garantir a especialización?

-Como avalía a Xunta de Galiza a situación socioeconómica desta comarca? Que ten feito para impulsar o seu desenvolvemento?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 24/01/2019 16:30:57

María Montserrat Prado Cores na data 24/01/2019 16:31:01

Ana Pontón Mondelo na data 24/01/2019 16:31:06

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/01/2019 16:31:07

Olalla Rodil Fernández na data 24/01/2019 16:31:09

Xosé Luis Bará Torres na data 24/01/2019 16:31:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ao papel da administración diante das propostas de legalización e normalización dos ventres de alugueiro.

Desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que estamos diante dun escenario político e institucional non que é plausíbel que nun prazo non moi extenso de tempo se leve a debate a legalización e lexislación dunha forma de mercantilización do corpo da muller denominado co eufemismo de *xestación subrogada*. Neste contexto, entendemos que é importante que os foros políticos galegos deliberen a respecto desta cuestión.

Diversas entidades sociais así como organizacións políticas teñen feito o anuncio de inminentes propostas lexislativas, mesmo a través duna proposta de iniciativa lexislativa popular (ILP), impulsada por asociacións detrás das que se atopan intereses económicos claros (clínicas privadas, bufetes de avogacía...).

Desde o Bloque Nacionalista Galego aseveramos que se trata dun debate profundo que atinxe aos máis elementais dereitos de dignidade das mulleres e desbotamos os intentos de limitar o debate ao terreo medicinal e á limitación do seu alcance a unha mera técnica de asistencia para a reprodución.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra banda, cómpre recordar que nesta cuestión, como en calquera outra das moitas que atinxen á vida das mulleres, non é alleo o contexto social e económico. O momento de ofensiva capitalista, que ten graves consecuencias sobre as clases populares do noso país e, máis aínda, sobre as mulleres, alicerza esta nova ameaza e incide á hora de perpetuar e aumentar as desigualdades e o mantemento do sistema patriarcal.

Neste sentido, falamos premeditadamente de *ventres de alugueiro* no lugar de empregar eufemismos como *maternidade subrogada* por que entendemos que detrás desta práctica agóchase a mercantilización dos corpos das mulleres.

Internacionalmente, organismos nada sospeitosos de ser contrarios ao máis feroz capitalismo como o Parlamento Europeo advertiron desta nova forma de explotación das mulleres e da agresión que supón en termos de respecto aos dereitos humanos.

Por exemplo, no seu *Informe anual sobre os dereitos humanos e a democracia no mundo (2014) e a política da Unión Europea ao respecto (2015/2229(INI))* indicando literalmente “a práctica da xestación por substitución, que é contraria á dignidade humana da muller, xa que o seu corpo e as súas funcións reprodutivas empréganse como unha materia prima” e tamén con contundencia que “debe prohibirse esta práctica que implica a explotación das funcións reprodutivas e a utilización do corpo con fins financeiros ou doutro tipo, en particular no caso das mulleres vulnerábeis nos países en desenvolvemento”.

Doutra banda, entendemos tamén que non se pode identificar o feito de ter descendencia biolóxica como un dereito e polo tanto non se pode superpoñer este interese particular á salvagarda xeral do ben común e da igualdade. Ademais, existen





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

oportunidades como a adopción, que redunda tamén no cumprimento do dereito das crianzas a teren un fogar.

É habitual atopar entre os argumentos a favor deste procedemento o recurso ao “altruísmo”. Porén, adoita enmascarar outros intereses. Neste sentido, cómpre lembrar que non se pode decidir a regulación en base a casos específicos que puntualmente poidan situarse fóra da rede mercantil que existe neste ámbito e recordar a dificultade de dirimir con criterios obxectivos ese presunto altruísmo.

Cómpre, xa que logo, evitar agochar nesta vía o grande perigo que supón a normalización e banalización dos ventres de alugueiro. A orientación máis popular do debate vén xirando arredor do desexo da maternidade e paternidade biolóxicas e escúdase nas garantías legais de quen “contrata” este mecanismo. Nesta relación contractual, o papel da muller pasa a ser o de incubadora, despóxaselle de dignidade e sométese a prácticas abusivas durante a xestación e o parto, limitando a súa capacidade decisoria nun proceso que ten consecuencias que poden afectar á integridade persoal, emocional e física.

Cómpre abandonar falsos debates legalistas e a actitude de política de feitos consumados que se vén practicando no Estado español. Trátase dun debate situado na dignidade das mulleres e na necesidade de rexeitar a cousificación e o mercadeo cos nosos corpos.

Na X lexislatura o Grupo Parlamentar do BNG demandou, sen éxito, o posicionamento do Parlamento Galego contra dos ventres de aluguer. Pasado un tempo, entendemos que as novidades que chegan desde o Estado deben facer reflexionar ás forzas políticas e posicionarse claramente a favor de que Galiza repulse esta nova forma de violencia contra as mulleres.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todas estas razóns formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cal é a opinión do goberno galego diante das iniciativas que pretenden a explotación do corpo das mulleres por medio da práctica dos ventres de alugueiro?
- Ten elaborado ou vai elaborar o goberno galego algún estudo de impacto sobre as consecuencias que tería no noso país a legalización da práctica dos ventres de alugueiro?
- Ten contactado ou vai contactar o goberno galego co tecido feminista do noso país para testar a súa opinión sobre esta cuestión?
- Considera o goberno galego dissociábel a práctica dos ventres de alugueiro da explotación económica?
- Valora o goberno galego desenvolver algún tipo de regulación que atinxa de forma directa ou indirecta esta práctica? En que termos?
- En que termos e por medio de que procedemento manifestará o goberno galego a súa opinión sobre este asunto?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 24/01/2019 16:45:07

María Montserrat Prado Cores na data 24/01/2019 16:45:12

Ana Pontón Mondelo na data 24/01/2019 16:45:13

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/01/2019 16:45:15

Olalla Rodil Fernández na data 24/01/2019 16:45:16

Xosé Luis Bará Torres na data 24/01/2019 16:45:17





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ao naufraxio do cerqueiro “Sin Querer 2” e as medidas a tomar polo Goberno galego para garantir a seguridade nas costas galegas.

O día 19 de decembro o barco cerqueiro “Sin Querer 2” con base en Portonovo, pertencente á armadora Vixa de Meaño naufragou a 4.5 millas do Cabo Fisterra.

Este trágico accidente saldouse co triste balance de tres mariñeiros mortos e un a día de hoxe aínda desaparecido, todos do concello de Cambados, sendo rescatados con vida os outros seis mariñeiros que formaban a tripulación do barco.

Este novo drama pon en evidencia o desprotexidas que están as nosas costas, a falta de medios, e o dilatado dos tempos de resposta dos servizos de salvamento. O risco que supón que uns 40.000 buques pasan a apenas uns quilómetros das nosas costas, polo chamado “corredor de Fisterra”, arredor do 80% con mercancías perigosas e que cada día centos de barcos saen a faenar e precisan protección.

No que vai do século XXI xa son máis de 100 barcos os que levan afundido nas costas galegas, os máis deles pesqueiros.

Neste contexto a base de salvamento marítimo de Rubio en Lires, Cee pechada desde hai catro anos, arredor de dous millóns de euros malgastados nun heliporto e





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

nunha nave inoperativas e coas instalacións pechadas, ao que hai que sumar os trece millóns de euros da adquisicións dun helicóptero que agora ten a súa base en Santiago a 70 quilómetros da costa, todo un despropósito.

Ao igual que o material para a loita contra a contaminación estea nunha nave en Fene e non na Costa da morte.

Haberá que agardar as conclusións das distintas investigacións postas en marcha, tanto polo Xulgado nº 2 de Instrución de Corcubión como pola Comisión de Investigacións de Accidentes Marítimos, mais hai cuestións relevantes que deben ter resposta por parte do Goberno galego, que teñen a ver co dispositivo de emerxencias e rescate. A seguridade das xentes do mar debe ser unha prioridade para o Goberno galego, non poden xogarse a vida continuamente cando saen ao mar.

Polas razóns expostas formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Despois do trágico naufraxio do cerqueiro “Sin Querer 2” que medidas ten previsto adoptar a Consellaría do Mar para mellorar a seguridade nas nosas costas?

-A que hora se activou, cal foi e con que medios contou o dispositivo mobilizado por Salvamento Marítimo?

-Que medios dependentes do Goberno galego foron mobilizados?

-Cales foron os tempos de resposta dos medios aéreos para acudir ao lugar do sinistro?

-Ten solicitado o Goberno galego información a Sasemar para coñecer as causas do naufraxio?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Ten intención o Goberno Galego de solicitar a transferencia das competencias de Salvamento Marítimo e Loita contra a Contaminación?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 24/01/2019 16:57:35

Ana Pontón Mondelo na data 24/01/2019 16:58:06

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/01/2019 16:58:08

Olalla Rodil Fernández na data 24/01/2019 16:58:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 24/01/2019 16:58:10

Xosé Luis Bará Torres na data 24/01/2019 16:58:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás medidas a tomar para mellorar a seguridade no porto de Malpica.

O 20 de decembro, a embarcación “O Silvosa” envorcaba e afundía no mesmo peirao de Malpica por mor das correntes xeradas na entrada da dársena, levándose por diante a vida do patrón do mesmo.

Son moitas as denuncias de que este porta está mal construído e de que os arranxos que se teñen realizado no mesmo non teñen solucionado os problemas nin do dique de abrigo, nin da dársena, que ao abrir as comportas forman correntes que dificultan o paso e as embarcacións teñen que realizar unhas manobras que entrañan moito risco.

A seguridade das xentes do mar debe ser unha prioridade para o Goberno galego, non poden xogarse a vida continuamente cando saen a faenar e moito menos no propio porto como no caso de Malpica, por causa dunha infraestrutura que non garante a seguridade nas manobras das embarcacións na entrada e saída da dársena.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polas razóns expostas formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Que medidas ten previsto adoptar a Consellaría do Mar para mellorar a seguridade no porto de Malpica?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 24/01/2019 17:03:47

Ana Pontón Mondelo na data 24/01/2019 17:03:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/01/2019 17:03:53

Olalla Rodil Fernández na data 24/01/2019 17:03:54

Noa Presas Bergantiños na data 24/01/2019 17:03:55

Xosé Luis Bará Torres na data 24/01/2019 17:03:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o número ambulancias existentes nos concellos do sur da provincia de Lugo, a ausencia dunha ambulancia medicalizada nesta zona do país e as medidas que debe adoptar ao respecto a Xunta de Galiza.

Os concellos do sur da provincia de Lugo contan na actualidade cun servizo de emerxencias sanitarias 061 absolutamente deficiente para atender as necesidades do conxunto da poboación que habita no extenso territorio que comprende.

No concreto, existe unha única ambulancia de garda en cada quenda de traballo en Monforte, outra en Chantada e unha máis en Quiroga, ningunha delas medicalizada.

Diante desta situación, denunciada en numerosas ocasións polo persoal sanitario, cando unha das ambulancias se atopa ocupada e xorde unha urxencia, cóbrense. Porén, a escaseza de medios, insuficientes desde calquera punto de vista, non sempre é posíbel parchear.

O pasado 24 de xaneiro a vila de Monforte viviu máis un caso que deixa en evidencia a necesidade de dotar o sur da provincia de Lugo de máis ambulancias, cando menos dunha medicalizada. Nesa xornada, un veciño que circulaba co seu vehículo pola rúa Chantada comezou a convulsionar o que provocou a saída do coche da estrada atravesando a mediana.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Camiñantes e condutores socorrérono dando aviso ao 061. Porén, non había ningunha ambulancia dispoñíbel. A de garda en Monforte dirixíase ao Hospital de Ourense cun traballador do balneario de Pantón que sufriu un accidente laboral e a de Chantada atopábase de volta desde o HULA polo que o centro de coordinación decidiu enviar unha desde Ourense.

A área sanitaria de Monforte é a única da provincia de Lugo que non conta cunha ambulancia medicalizada que si teñen Lugo e A Mariña. Así pois, as bases de Monforte, Chantada e Quiroga contan só con vehículos de soporte vital básico.

Cómpre sinalar que falamos dun territorio extenso e orograficamente moi complexo. Por exemplo, a base de Chantada ten que asumir Carballedo, Chantada e O Saviñao, o que complica moito máis os tempos de desprazamento e resposta.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cre o Goberno galego que tres ambulancias para atender todos os concellos do sur da provincia de Lugo son suficientes?
- Por que non ten dotado a Xunta de Galiza o sur da provincia de Lugo dunha ambulancia medicalizada, cando menos, como reclama o persoal sanitario?
- Pensa fornecer o servizo de emerxencias sanitarias 061 do sur da provincia de Lugo dos medios necesarios e suficientes?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2019





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 24/01/2019 17:13:58

María Montserrat Prado Cores na data 24/01/2019 17:14:02

Ana Pontón Mondelo na data 24/01/2019 17:14:04

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/01/2019 17:14:05

Noa Presas Bergantiños na data 24/01/2019 17:14:07

Xosé Luis Bará Torres na data 24/01/2019 17:14:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre os índices de lectura en Galiza e a situación da lingua galega no sector do libro.

O Barómetro de Hábitos de Lectura correspondente ao ano 2018, elaborado pola Federación de Gremios de Editores.

Segundo este estudo apenas o 4% da poboación galega prefere o galego como idioma de lectura fronte ao 93,7% que opta polo castelán e o 2,3% que elixe outra lingua.

En relación cos demais territorios con lingua propia a situación é a seguinte:

En las CCAA con lengua autonómica, de poder elegir, la mayoría de los lectores de libros prefiere leerlos en castellano. 23


- En Cataluña, el 34,9% de los lectores de libros prefiere leer en catalán.
- En Baleares, este porcentaje es del 14,1%.
- En las otras CCAA, el porcentaje que prefiere leer los libros en la lengua autonómica no supera el 6%.

ÍNDICE DE LECTORES EN ESPAÑA

Base: Población de 14 o más años lectores de libros

IDIOMA PREFERIDO DE LECTURA DE LIBROS

Si pudiera elegir, ¿En qué idioma preferiría leer los libros?



CONECTA.

FEDERACIÓN DE GREMIOS DE EDITORES DE ESPAÑA






OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As persoas enquisadas explicaron cales son as razóns polas que deciden non optar pola súa lingua propia. No caso galego afirman que lles resulta máis sinxelo en castelán (42,8%), a seguir do feito de que os libros que queren ler din non estar editados na nosa lingua (33,7%) e o 21,7% afirma optar polo castelán directamente, por vontade propia.

A comparativa territorial é a seguinte:



Ao fío da publicación do Barómetro desde a Asociación Galega de Editoras (AGE) amosaron a súa preocupación pola situación que describe de Galiza que, din, continúa a ser moi preocupante. Non só por seguirmos na zona baixa da estatística a nivel estatal, senón sobre todo por ese ínfimo 4% de persoas que afirma escoller libremente o galego como lingua de lectura.

Neste senso, reclaman, como xa ten trasladado o Grupo parlamentario do BNG en numerosas ocasións ao Parlamento de Galiza, políticas efectivas, reais e transversais de fomento da lectura en galego.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cómpre lembrar que, a Xunta de Galiza recortou drasticamente os orzamentos da área de Cultura desde o ano 2011 e aínda mantén os niveis de investimento en políticas culturais moi por baixo do desexábel e necesario.

Así mesmo, é de extrema gravidade o feito de seren os programas destinados á promoción do libro en galego e a edición en galego os que continúen a padecer as tesoiras do Partido Popular. Neste exercicio, 2019, as contas da Xunta de Galiza recollen un recorte de 7.400 euros para a edición do libro en galego (investimento reais); 38 mil euros menos na promoción do libro e da lectura; a desaparición da partida dirixida ás Feiras do libro en Galiza ou un recorte de 10 mil euros no programa de axudas a entidades privadas para o apoio e promoción á produción e edición do libro en galego.

Desde a chegada do Partido Popular á Xunta de Galiza en 2009, o Goberno galego e especialmente á área de Cultura vén desenvolvendo unha política absolutamente contraria ás obrigas legais que ten e que están expostas de maneira diáfana na Lei do libro e da lectura de Galiza aprobada por unanimidade no Parlamento.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Como valora a Xunta de Galiza os datos do Barómetro de Hábitos de Lectura correspondente ao ano 2018, elaborado pola Federación de Gremios de Editores?
- Que análise fai o Goberno galego do baixísimo índice de lectura na nosa lingua? E en relación á situación do catalán e o euskera?
- Cre que os constantes recortes orzamentarios na promoción da lectura e da edición en lingua galega teñen a ver con esta situación?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cre a Xunta que está a cumprir a Lei do libro e da lectura?
- Que medidas prevé adoptar o Goberno galego ao respecto para mellorar os índices de lectura en lingua galega e tamén a situación do sector editorial no noso idioma?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 24/01/2019 18:01:46

María Montserrat Prado Cores na data 24/01/2019 18:01:51

Ana Pontón Mondelo na data 24/01/2019 18:01:52

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/01/2019 18:01:53






OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 24/01/2019 18:01:55

Xosé Luis Bará Torres na data 24/01/2019 18:01:56





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

